

Sr. Ponte

n.º 9131

OBRAS COMPLETAS
DE
ROSALÍA DE CASTRO

I

Cantares Gallegos


PRÓLOGO
DE
FRANCISCA HERRERA GARRIDO

NUEVA EDICIÓN



EDITORIAL PÁEZ
FERRAZ, 50,
MADRID


EMIA
SA
NA




**REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA**

4626

Biblioteca



CANTARES GALLEGOS




OBRAS COMPLETAS
DE
ROSALÍA DE CASTRO

I

CANTARES GALLEGOS

PRÓLOGO DE
FRANCISCA HERRERA GARRIDO

NUEVA EDICIÓN




EDITORIAL PÁEZ
FERRAZ, 50
MADRID

244440

ES PROPIEDAD

Imp. J. Pueyo. Luna, 29
Teléf. 14-30 - MADRID






A Fernán Caballero.

Señora: Por ser mujer y autora de unas novelas hacia las cuales siento la más profunda simpatía, dedico a usted este libro. Sirva él para demostrar a la autora de La Gaviota y de Clemencia el grande aprecio que la profeso, entre otras cosas, por haberse apartado algún tanto, en las cortas páginas en que se ocupó de Galicia, de las vulgares preocupaciones con que se pretende manchar mi país.

Santiago, 17 de mayo de 1863.

ROSALÍA CASTRO DE MURGUÍA,



OBXETO D'ESTE LIBRO,
POL-A AUTORA

Grande atrevemento é sin duda prá un probe inxenio como que me cadrou en sorte dar á luz un libro cuyas páxinas debían estar cheyas de sol, d'harmonía e d'aquela naturalidade que unida á unha fonda ternura, á un arrulo incesante de palabriñas mimosas e sentidas, forman a mayor beleza d'os nosos cantos populares. A poesía gallega, toda música e vaguedade, toda queixas, sospiros e dõces sorrisiñas, mormuxando unhas veces c'os ventos misteriosos d'os bosques, brilando outras c'o rayo de sol que cai sereniño por enriba d'as auguas d'un río farto e grave, que corre baixo as ramas d'os salgueiros en frol, comprialle para ser cantada un espírito subríme e cristiáño, si así o podemos decir; unha inspiración fecunda, como a vexetación que hermosea esta nosa privilexiada terra, e sobre todo un sentimento delicado e penetrante pra dar á conocer tantas bellezas de pirmeiro orden, tanto fuxitivo rayo de hermosura como se desprende de cada costume, de cada pensamento escapado á este pobo ô que moitos chaman estúpido, y á quen quisáis xusguen insensibre, extraño á devina poesía. Mais naide ten menos que eu teño as grandes

cualidades que son precisas pra levar á cabo obra tan difficile, anque naide tampouco se pudo hachar animado d'un máis bon deseo pra cantar as bellezas d'a nosa terra n'aquel dialecto soave e mimoso que queren facer bárbaro os que non saben qu'aventaxa ás demáis linguas en dozura y harmonía. Por esto, inda hachándome débil en forzas, e n' habendo deprendido en máis escola qu'a d'os nosos probes aldeans, guiada sólo por aqueles cantares, aquelas palabras cariñosas y aqueles xiros nunca olvidados que tan dócemente resoaron n-os meus oídos desd'a cuna, e que foran recollidos pol-o meu curazón como harencia propia, atrevínme a escribir estes cantares, esforzándome en dar á conocer cómo algunhas d'as nosas poéticas costumes inda conservan certa frescura patriarcal e primitiva, e cómo o noso dialecto dóce e sonoro é tan á propósito como o primeiro pra toda clase de versificación.

As miñas forzas, é certo, quedaron moito máis abaixo d'o que alcanzaran os meus deseyos, e por eso, comprendendo cánto poidera facer n-esto un gran poeta, dóyome inda máis d'a miña insuficença. O *Libro d'os Cantares* de D. Antonio Trueba, que m' inspirara e dera alento pra levar á cabo este traballo, pasa pol-o meu pensamento com'un remorso, e casi asoman as bágoas ós meus ollos ó pensar cómo Galicia se levantaría has-tra o lugar que lle corresponde si un poeta coma Antón o d'os *Cantares* fose o destinado pra dar á conocer as suas bellezas y as suas costumes. Mais a miña infeliz patria, tan desventurada n-esto como en todo o demáis, ténsé que contentar c'unhas páxinas frías e insulsas, qu' apenas serían dinas d'achegarse de lonxe ás portas d'o Parnaso, como non fose pol-o nobre sentimento qu' as creou. ¡Que esto mesmo me sirva de disculpa pra os

que xustamente quirtiquen as miñas faltas, pois penso qu'o que se esforza por desvanecer os erros que manchan y ofenden inxustamente á súa patria é acreedore d' algunha indulxencia!

Cantos, bágoas, queixas, sospiros, seráns, romarías, paisaxes, debesas, pinares, soidades, ribeiras, costumes, tod'aquelo, en fin, que pol-a súa forma e colorido é dino de ser cantado, todo o que tuvo un eco, unha voz, un runxido por leve que fose, con tal que chegase á conmoerme, tod'esto m'atrevín a cantar n-este homilde libro pra desir unha vez siquiera, y anque sea torpemente, ós que sin razón nin conosemento algún nos desprecian, qu'a nosa terra é dina d'alabanzas, e qu'a nosa lingua non é aquela que bastardean e champurran torpemente n-as máis ilustradísimas provincias, c'unha risa de mofa, qu'á desir verdade (por máis que ésta sea dura), demostra a ñorancia máis crasa y a máis imperdoable inxusticia que pode facer unha provincia á outra provincia hirmán, por probe que ésta sea. Mais he aquí qu'o máis triste n-esta cuestión é a falsedade con que fora d'aquí pintan, así ós fillos de Galicia com'á Galicia mesma, á quen xeneralmente xuzgan o máis despreziable e feyo de España, cando acaso sea o máis hermozo e dino d'alabanza.

Non quero ferir con esto á susceptibilidade de naide, anque á decir verdade, ben poidera perdonárselle este pequeno desafogo á quen tan ferida foi de todos. Mais eu, qu'atravesei repetidas veces aquelas soledades de Castilla, que dan idea d'o deserto; eu, que recorrín a feraz Extremadura y a extensa Mancha, dond'o sol cai á promo alomeando monótonos campos, dond'o cor d'a palla seca presta un tono cansado ó paisaxe que rinde y entristece o espírito, sin unha herbiña que distraya a mi-

rada que vai perderse n-un ceo sin nubes, tan igual e tan cansado com'a terra que crobe; eu, que visitei os celebrados arredores d'Alicante, dond'os olivos, c'o seu verde escuro, sembrados en fila e de raro en raro, parecen chorar de verse tan solitarios, e vin aquela famosa horta de Murcia, tan nomeada e tan alabada, e que, cansada e monótona como o resto d'aquel paíse, amostra a sua vexetación tal como paisaxes pintados n-un cartón con árboles postos simétricamente y en carreiriños para divertisión d'os nenos; eu non podo menos d'indignarme cando os fillos de esas provincias que Dios favoreceu en fartura, pero non n-a beleza d'os campos, búlanse de esta Galicia, competidora en clima e galanura c'os países máis encantadores d'a terra; esta Galicia, donde todo é espontáneo n-a natureza y en donde a man d'o home cede o seu posto á man de Dios.

Lagos, cascadas, torrentes, veigas froridas, valles, montañas, ceos azúes e serenos como os d'Italia; horizontes nubrados e malencónicos, anque sempre hermosos como os tan alabados d'a Suiza; ribeiras apacibres e sereniñas, cabos tempestuosos qu'aterran y adimiran pol-a sua xigantesca e xorda cólera..., mares inmensos..., ¿que direi máis? Non hai pruma que poida enumerar tanto encanto reunido. A terra cuberta en tódal-as estacións de herbiñas e de frores; os montes cheos de pinos, de robres e salgueiros; os lixeiros ventos que pasan; as fontes y os torrentes derramándose fervedores e cristaiños, vran e inverno, xa pol-os risoños campos, xa en profundas e sombrisas hondanadas... Galicia é sempre un xardín donde se respiran aromas puros, frescura e poesía.... Y á pesar de esto chega á tanto a fatuidade d'os iñorantes, á tanto a indina preocupación que contra a nosa terra existe, qu'inda os mesmos que poideron con-

temprar tanta hermosura (xa non falamos d'os que se bulran de nós sin que xamais nos hayan visto nin aínda de lonxe, que son os máis), inda os que penetraron en Galicia e gozaron d'as delicias qu'ofrece, atrevéronse á decir que Galicia era... ¡un cortello inmundoll... ¡Y éstes eran quisáis fillos... d'aquelas terras abrasadas d'onde hastra os paxariños fuxen!... ¿Qué diremos a esto? Nada máis senón que taes fatuidades respecto de noso país, teñen algunha comparanza co'as d'os franceses ó falar d'as suas eternas vitorias ganadas ós españoles. España, nunca, nunca os venceu; pol-o contrario, sempre sa-leu vencida, derrotada, homillada, y o máis triste de esto é que *val* antre eles tan infame mentira, así como *val* pra a seca Castilla, pra a deserta Mancha e pra tódal-as demáis provincias de España—ningunha comparada en verdadeira beleza de paisaxe co'a nosa—, que Galicia é o rincón máis despreziable d'a terra. Ben din que todo n-este mundo está compensado, e ven así á sufrir España d'unha nación veciña que sempre a ofendeu a mesma inxusticia que ela, inda máis culpabre, comete c'unha provincia homillada de quen nunca s'acorda, como no sea pra homillal-a inda máis. Moito sinto as inxusticias con que nos favorecen os franceses, pró n-este momento casi lles estou agradecida, pois que me proporcionan un medio de facerlle máis palpabre á España a inxusticia que ela á sua vez connosco comete.

Foi este o móvil principal que m'impeleu á publicar este libro, que máis que nadie coñoço que necesita a indulxencia de todos. Sin gramática nin regras de ningunha clás, o leutor atopará moitas veces faltas d'ortografía, xiros que disoarán ós oídos d'un purista; pró menos, pra disculpar en algo estos defectos, puxen o mayor cuidado en reproducir o verdadeiro espírito d'o

noso pobo, e penso qu'os conseguín en algo..., si ben d' unha maneira débil e froxa. ¡Queira o ceo qu'outro máis afortunado que eu poida describir c'os seus cores verdadeiros os cuadros encantadores que por aquí s'atopan, inda n-o rincón máis escondido e olvidado, pra qu'así, ó menos en fama, xa que non en proveito, gane e se vexa c'o respecto y admiración merecidas esta infortunada Galicia!

PRÓLOGO

Ten ista verba moitas e distintas traducións: e antecedendo libro de tal valía: xoya, reliquia, mística lembranza, herenza inagotable d-as venideiras xeneracións sprituais, conven, avan todo, conoscer cal è n-estora a sua sinificazón úneca: analizala co-a impacencia afervoada do que se sinte esperado po-lo golfaron de poesía, que se chamou n-o mundo «Rosalía Castro»; co-a presa d-aquel õ que ll-aprisionan a man, erguida pra s'abater sobr'o poxigo que ll-hà mostrá-lo xardín d-as nosas máis galanas roseiras!

Prólogo: Prefacio n-o comenzo d-os libros... etc.

Prólogo: N-a conscencia literaria. Presentación d-un autor novo; consagración d-un nome insiñe; e n-unha regra caxque negativa d'esceicións; loscimento, auto bombo do prologante.

¡Vel ahí porque estemerecín e tembrei, a escribí-la parola «prólogo»; e se non s'anoxase misia Habitude, suprantaría co-a voz «oración». Todos sabemos que as obras d'unha inmortalidade latente, fólgalles un «prefacio», qu'as alexa un pulo d-os ollos, ¡do curazón! do leitor. Sabemos que non foi *nosa* Rosalía «autor novo», inda n-o esbozo do seu primeiro primol literário; rayo-

so, pulido, fúlxido, cal obra d'esperimentado artífice, de curazón neno, e mans doadas, afeitas ò engarce d-as mais ricas xemas briladoiras.

Tampouco podemos «consagrar» a quen foi por Nostramo consagrado, cand'ò Santo Spritu presidü e aloumiñou c'ò lampo d'as luces inmorrentes, o bautizo d'un xénio.

E n-o tocante ò loscemento do que prologa... heivos dicir que ben segura istá de ser menos que nada: o brocho d'un libro: as áas d'un nobre deseio: o ¡amen! d'ista oración.

E s'o beo do fecundo amor human non fixese un amor sôyo, de toda-las xentís almiñas brancas: s'a miña non lle debese ã Autora d-os «Cantares» alustros d'intimo gozo spritual, de incognoscidas pracideces, dondas; se n-ela non buligaran sinxelas gratitudes, que nimbaron en vida a testa do Maestre amadiño, e revoan hoxe arredor d-as suas fillas, unxindoas c'òs cariños que tan grandes pais meresceron; s'elas mesmas, c'ò diñísimo Sr. D. Pedro Izquierdo—fillo político d'ises nosos reises ausolutos d-a rexional literatura—non chamasen con voz agarimosa n-a y-alma qu'así vos fala, quizais me non considerase con forzas pra enfrentar o moimento de tals grandezas; pra aceitare un honore qu'o meu curazón bica, e-a miña humildeza rescinde. Deixando, pois, a miña y alma n-o posto-soldado vencedor e vixiante aleuto,—esquenzamos o nome d-a prologuista, e concretamos; qu'iste esbozo de prefacio è unha chamada òs galegos lontanos, qu'os próisimos temos todos os cerials acesos n-as nosas mans ergueitas; os ollos n-o Ceu, ond'ela aluca, sorrindo, a boa querencia d-os seus hirmans n-a terra!

N-o libro misterioso que traduce a lene vagarosidade

d-os spritus, prologar os «Cantares» de Rosalía Castro, imprica o pelegrinaxe galego preto d-a tomba que abriga un puñiño de cinzas benditas, cânsas d-a negra loita d-a vida! ¿Sabedes, hirmanciños todos, que tamen Ela—¡tamen Eles!—sofrieron fame e sede de nobre xusticia? ¡Esgazoulles as carnes o aguillón pezoñoso d-a envexa! ¿Sabedes que levando un tesouro n-a y-alma e mais n-o miolo, seguiron po-lo mundo a cruz de Cristo: ¡santa cruz d-a probeza! Y-en probeza morreron os que a igual do conto d-as Boas Fadas, gardaban por feudo diviño, pelras, diamantes, ágatas e rubies, qu'espallaron en verbas e cántigas, e arrequeceron n-a terra, que s'honrou, albergándoos n-o conco do seu seo! Falar d-a nosa Santa Rosalía: agruparse nosos curazós arredor d-a piedosa lembranza, è facerlle reverencia diante do seu altar, chimpár un derradeiro puñado de terra a caron d-a boqueira que se cerrou tras ela; è seguir a pé ispido o camiño do seu moimento, levando n-a man o rebo tradizional, pra ll-o erguer hastr-âs nubes qu'a esconden! è buscar n-os mares os alxofres qu'han formar as letriñas do seu nome; è sopricar d-os anxos aquelas harmonías qu'os homes gustaron a través d-a diviña leenda, pra despertar á Santa, siñando a nosa testa co-a docisma verba: «¡Rosalía!» ¡Afillada d-as rosas! ¡d-as lianas qu'axuntan en ramallo vizoso, rescendente, as cimas d-os loureiros, as froes e os espiños d-a amoreira! Eu quixera, xoiña, ¡amiguiña d-a y-alma!, arrebatarlle-õ bico d-a anduriña o guinciño que leva pra fabricarlle niño õs seus filliños!, e un niño te faguer, mol, branco, doudo, a-o que Deus te deixara descendere, en permisión altísima, sóyo pra recoller as nosas bágoas: o sospiro, acorado, que che remite o curazón d-a terra; ista terriña tua, ¡como tí sabes ben que non hay duas! e

que foi nai e fillo, segun que te nutriu co-a própèa sá-vea, e según a arrolache n-os teus cantos co-a frebe sacrosanta do amorío! E ¿de que nos queixamos porque Deus te levou, inda ben noval ¡Como nos dar tan grande regalia? Emprestounos tua voz pra que soupèsemos como n-a Groria càntanlle a Maria. Todo aquel ben de grácia que cáe n-a terra cal orballo santo, como n'ela non prende a frol d a perfeución, Dio-lo recolle e ruben en nubada os bens a-o Ceul Eu vín ã miña nai pechá-los ollos, e-a vín rubir n-as áas d'unha pomba! (¿Topáchea tí n-a Grória, miña Santa?) mais nin ela morreu, nin tí morreche; dormidiñas estades; eu vos sinto a caron d-a miña y-alma. Sodes quentor de bico, a y-auga do esligado, a liberacion, santa, d'un opreso!; a visión d'aquel mundo donde viven a paz, mai-las tenrezas; donde Deus entregou n-isas manciñas a ponla que non muscha; a qu'abrocha e gromea ò redor do seu Trono e nomamos n-a terra «frol d-a sabiduria!»

Os que dín que morreche non entenden a voz d-os teus «Cantares»; non saben de cariños inmorrentes, que quedan pendurados—xirós de neboeiros—n-as crespas cabeleiras d'ameneiros e pinos, e castiros, sabugos e noceiras; n-o lampo enguedellados d-os roibens fuxidoiros qu'adoitan despedir n-o Ceu ò dia, e morren paseniño: dúrmense trà-la cume d-os outeiros, pra despertar n-o berce do alboreyo, como espertan as almas, po-la voz do seu Cristo aloumiñadas. Dilles tí, ña querida; dilles qu'a tua lembranza ten toda a forza virxen d'unha vida; e-a crescer n-a memoria que te sinte, toma corpo, e faise carne e sangue; sèr latexante e vivo, respirando noso ár n-a aspiración d'istas nosas entranas, confundíndose n'unha sôya memoria, n'un sôyo curazón! ¿Non è santa verdade qu'os mistéreos d-a

morte buliguan n-o spritu, igual que se visluma unha paisaxe, cando n-o lusco fusco, amóstrase antre brétemas, lexano? ¿Nunca vimos os teus, ises teus ollos, al-cendidos de noite po-los Ceus? ¿Non te sinte Galiza cando chora e lle pröi un desingano? ¿Non te berra: «¡filliña!» cando quedan seus campos aërmados por falla de braceiros? ¿Non son tuas aquelas «Follas Novas» con que viste de noiva todo-los anos, moza Primavera? ¿Pasaron a outras mans as frores qu'espallabas en vastas regazadas, convertíndo en verxel teu paxareco?

S'a nosa Rosalia houbere morto, xa non terían ponlas os ciprestes!, e roncós de xemer, os reiseñores, sobr'a tomba morreran a par d'ela. ¿Alóitans'os galegos? Pois se no-nos envolve negra touca, e as rapazas e-as vellas non recobren os cabelos dourados, as cabezas unxidas po-la neve, è que non teñen pranto que chorare; è que vive antre nós a nosa amada: a cantora do «Sar e do Sarelo»! ¿Non defiñen a morte por «cesación, por tërmo d-as funcioes vitaes? ¿Que elemento de vida cesou n'ela? Seu curazón habita antre nosoutros! ¡latexa o seu cerebro n-as suas obras!; e s'avalase un pulo, n'un d'os seus queixamentos, ¡curazón e cerebro d-os galegos, ahí os tès òs teus pès, Santa querida! ¡Tí vives! ¡tí nos öies! ¡vivirás mentres viva un sô galego, e alenten as tuas fillas, e non s'estinga a bendición materna!; e repitan os ecos teus «Cantares» e aluquemos tua sombra n-os espazos, xogando c'ös paxaros e c'ös ventos; co-as hervas montañesas, c'ös cricos d-os cruceiros e-as cruciñas pequechas onde pousas teus beizos; e pregarias e bicos por aqués que morreron mala morte, sen bicos, sen pregarias, sen Comución, sen leito; po-los probiños reos, ¡qu'eles tamen morreron: ¡ay! morreu a sua y-alma. a ferir n-o hirmanciño, por un pouco de ouro, por aleiye

desêio, por vingar un aldraxo, atentados do demo!
 ¡Bical ¡bica, querida, po-las almas d-os reos: as almiñas
 perdidas, sen pregarias nin cruces, ni aloumiños, nin
 leito! ¡Dalles bens a cugulo, ¡malpocados! incênsaos
 co-a inocenza que brindate n-o seu gromo, o ro-
 meiro!

¡Manoxiño de rosas! A querer albardarte, sôyo sei
 desfollare meu curazón amigo n-o altar do sentimento.
 ¡E gozo repetindo que non estás ausente; que vives n-a
 tua Obra por qu'é obra de vida e de resurximento: obra
 santa, docisma!; porque fuche *creadora* de libros inmor-
 tâes. ¡Morren as obras mortas d'aguniantes spiritus...
 (¿morren?... ¿ou nascen mortas, picadas do ferrete d-a
 víbora, que levan agachada n-o seu seo: o verme pezo-
 ñoso d'un realismo groseiro!)... Tí camiñar soupeche
 co-as aliñas ergueitas, ¡brancas como unha esperma!
 ¡puras como a pureza! e saltach'os fangales guiadiña e
 alumeada po-la luz d-as estrelas! os peiños enxóitos,
 a tua äba, sen tacha; as mans encrucilladas e-o mirar
 n-o rayante! Fixeche obra d'amore e-o amor non ten
 «pasado»! porqu'a Obra de Deus foi sôyo amore, e aco-
 chadiña vai n-o seo d-os séculos, espertando äs almi-
 ñas esgraidas que durmen o seu sono princeseiro n-a
 vountà do Cristo, que morreu por amore, abafadiño! Tí
 sabes como näide qu'o amor sempre è vida de presente:
 que ä «cesación» do amor chámase tamen *morte*; e
 Xesus amostróunos como o porvir d-a fé chámase amo-
 rel S'Il pechas'os olliños un segundo: ¡qué sería d'aque-
 les que non aman! ¡qué sería d-os tristes que non
 creen! E s'os Santos nos ven e nos precuran: ¿cómo non
 te rezare, cando eres en Galiza «Santa Espranza»? Un
 día rezarás n-os beizos nenos—dend'os bancos d-a es-
 cola— y-en tí habrán de zunguir toda poesía; e inda

abrindo os ollíños a iste mundo, a luz e-os aloumiños maternães—abrocho d'ideal—teran teu nome!

A tua Obra è obra de xusticia, e-ista tampouco morre: porqu'è filla de Dios, vive n-os Ceus; e cando eiquí s'alcontra—viaxeira de grácia—às veces medofñenta d-a mala sona que lle dan os moitos, afuxéntase, irada; fai como que se vai, ¡e sempre torna!

¡A tua Obra è millo santo, que sustenta e que farta o nobre spritu que con él comulga! ¡A tua poesía è pan bendito: toda tí ès e fuche «poesía»!

Quen iñorar ousara, n'ista terra frorida que cabezal che presta n-o teu sono: quen non sabe qu'as ondas do remanso vanlle dicindo às veiras: «¡Rosalia!» Quen non sofre c'os dõres d-a tua vida, cando «chove miudiño», e s'empañan os vidros d-a fenestra, e s'alodan estradas e curripas, e arripñans-as aves, e-os pitíños s'acollen o agarimo d-as áas maternães qu'os recraman! Eu escoito o laido d-as tuas penas n-o chíar do paxaro po-lo inverno: sen grãu, sen acobexo: medofñentos d-os tronos, a mercè do curisco, perdidíños, desfeitos, e voando, atolados, do toxal á cepeira; do camiño á fenestra; escondidos n-o alboyo ou debaixo d-as tellas! E tamen os meus ollos n-os espazos se perden, e te ven, fuxitiva, n'unha terra estranxeira: humedento-los ollos, os peiños sanguentos, os braciños caídos, ¡a tua y-alma en tormento! ¡Paxariño perdido! ¿Sei qu'ardeu o teu pazo? ¿Ou n-hay terra en Galiza? ¿Ou sonaron as folgas po-los fillos d-a Pátria, ou morreu o postreiro?

¡Cántas veces queimoume a llápra viva do door de saudade qu'abrasou, impiedosa, as tuas entranas! Porque bebín tua vida n-a tua Obra, chorei, esconsolada, a noite do San Xoan, sobr'as fogueiras, que non quenteiron teu corpiño, morno, cando lonxe... ¡moi lonxel n-a

Castela que foi cravo y-espiña, virada a nós a testa, saloucabas, doente, n-a festa d-os ditosos; sen lume e sen herviñas odorentas; a friaxe n-a y-alma, hórfa d-a tua Galiza; sen-as altas fogatas, que s'avistan, se buscan e se chaman, n-o crúto d-as aldéias; sen tan xiquer o mísero rescoldo d-as rescendentes, vivas borralleiras, que gardan o seu lume, cobizosas. ¡O lume d-a morriña, gardado, acariñado n-o teu seo, dounos un día o libro admirado! Bendigámo-lo door, qu'así floresce: os froitos d-a agunia d'un vivire, tan celmosiños como o tronco è amargo! E «benaventurado-los que choran», s'as bágoas son orballo e non pezoña; así as tuas, ña reina queridiña ¡fecundaron os eidos galicians co-a bendición qu'os unxe n-o fado misterêoso de mística beleza!

¿Non me viche, hirmanciña, erguida n'un esqueiro, acitar o poniente n-a vagarosidade d'un lene atristamento, que non ten nome n-os idiomas nosos? Tí, qu'hoxe o sabes todo, leiche co-as moxenas alcendidas d-os teus ollos de luz, n'aquel meu vencimento: «¡Rosaliá!» E «¡Rosaliá!» cantan n-os seus maceramentos de cilicio as campás d-a igrexíña qu'eu venero, chamando a-o «Via Crucis». E tamen dinos Cristo encrucillado: «Aprendede a sufrir n'isa ña filla. Do dōor, qu'os purifica e vos ensalza, uns facedes brasfémia e outros *nada*: a muller lle sorríe, inda morrendo! O dōo d'un meu anxo abrochou en amante poesía!»

E dentro d'aquel tempo de Deus e d-a humildeza (o galardón d-a vida cristiana) inda te noman, Santa, a voz amortuxada do silencio: os niños escondidos n-as viguetas, e-os arumes piedosos d-os incensos!

A escribir os meus libros, que non quero nomar, *porque non quero*, se nunca te plaxiei, coidando furto ise viceo de xentes mal nascidas, pensei en tí mil veces;

e-a mimarme o aloumiño d-a louanza (e dimpois que ña y-alma despertaba e bicaba n-a terra a cheliña d-a Nai mais queridiña!), volvía a tí meu pensamento, doce, cugulado de meluras, e t'ofrescía o don que te sobrava; a parte d'unha hirman, qui è don d'amore! ¿Non son ricos os mortos, pé de Cristo, e os colmamos de frôres? ¿E non levamos rosas às Imaxes que mais reverenciamos? ¿Non será retornar canto nos deches? ¿Non te debe Galiza a harmonía sen nome d-as tuas cántigas? Ben choraba, ¡a coitada!, ferida po-lo dóor d-as estranias, cando te dixo co-as manciñas xuntas: «As de cantar—meniña gaiteira—as de cantar—*¡que me morro de pena!*»

... E-o soliño morredoiro, esvaíndose, agrimado, en lampos alaranxados, do cóor d-a folla, que cäe; do cóor d-a y-alma, que sofre, e d-os olliños que choran, a luz aviveceu d-a sua ollada: alforxouse, friento, en-o manto d'encaixe que lle brindan as mansas neboeiras, e falou quedamente co-as sombras e-o silenzo; e todos recollidos e axionllados, escoitaron a voz qu'asospiraba: «Nascin cand'as prantas nascen—N-o mes d-as froles nasin!» Tamen asospiraban ledas, as aveciñas, e rechoucheaban n-a saudade d'aquela outra compañeira, desflorecida e chorosa, asolagada n-a saudade sin fin do mundo «sentimento». E sospiraban frores e arborechos, faguendo aterecer o seo materno. E-as vellas miserentas buscaron n-o petrecho a còdea mais dourada d-a sua esmola, e brindàroncha en rolda, cando, tenra, dicías: «E comerás un caldiño—con patacas e nabizas». ¡Bénia tan pulidas falas; caridà tan alcendida; curazón tan soberano! Y-è sona que n-a hora en qu'o galo canta, dille a terra preguizosa ò luar, que vai, tristeiro, camiño d-a sua casa: «Meiguiño, meiguiño, meigo -- meigo, que

me namoraste—; vaite d'onda min, meiguíño — antes qu'o sol se levante!» ¿Cal outro poeta cantou millor, nin en mais vibrante lengoa?

Non è-a miña pruma capas de sorprendere o voo gigante d-a águia que, n-o ceu estrelecido alucou os segredos mais fondos d-a virxen «poesía». Ben quixera deixar o meu ramallo—mais que fora tan sóyo de malvela, de lesta, de finucho, de nèveda e violas—n-as pedras que compoñen teu altare; unha frol esollada sobr-a gròria qu-è xènio en cada cántiga; mais mudiña me quedo a lir tanto primo!, e abofé penso qu'a coller cantas frores elas piden, non quedara en Galiza frol nin pranta! ¡Canta! qu'eu t-òia sempre, avionciño do Ceu, ¡canta!, canta! T'escoita, xubilosa, arrolada n-a pedra movediza, nosa Virgen d-a Barca; e mozas e romeiros, c'òs ollos cheos de bàgoas, orgullosos de verse asín cantados!; o mesmo qu'as meniñas do muiño, e aquelas qu'o gaitero azoroñaba, namoraba..., ¡jengañaba!, pra logo lles cantar, cando choraban: «*Non sean elas tolliñas—non veñan ô meu tocar!*»

¿Quen t'adeprendeu o idioma d-os curazós? ¿Quen te traduxo a queixa do badalo, que así berra, láyase ou xime n a tua cántiga, cal se premease unha y-alma n-a sua boca de ferro axitándoa no ar con bicos de mal domeada pasión? Ti sabes d'oraciós, e de mistèreos de curazon mozo; gardas n-a tua vountade o door ou a risa alleos; sopricas con ardentia un noivo n-os rosadiños beizos d'unha nena garrida, e morres d'afrixido acoramento, a tempo que déspides noiva e lar! As cordas d-a tua y-alma teñen notas pra todo-los queixumes; dan ríres pra gozar as ditas todas que n-a terra espallou unha boa fada! Pòs musica amorosa n-as doas, desgastadas, do rosario; n-o chíu con qu'o moucho nos

contruba; n-as pingas do regato; n-a canturia d-as meigas, agoirosas; e son teus hirmans queridos, os «airiños» bendecidos n'aquela queixa inmorrente: «Airiños d-a miña terra—, ¡airiños, levaima a elal!» ¿Non te levan hoxe noso pranto, nosas tenrezas, o noso amore!

Son teus amigos, os probes, os tristes, os caloñados; non hay dōor que non che doa; e parez tua y-alma un tempo, e parez tua voz un salmo, rezado po-lo mistero a redor do desamparol E-así rezas, montañesa: «Anque che son d-a montaña—anque che son, non me pesal»

Donas a tua esmola—pan de caridá viva—ä triste nai, que mira o seu filliño hōrfo d-os bens d-a terra; èrgue lo seu spritu n-as áas do teu prōpeo, grande spritu, e déixaslle escoitar aquelas falas, tan sōyo para tí n-o Ceu escritas: «... Quen a mantença che dera?—O que manten as formigas—e os paxariños sustenta.»

¡A escritora egrexá, que opon ä exaltazón do door c'ō qu'a nosa gaita salouca e xime, as bengraciosas sorrisas de «Vidal» vengadoiro; unha preciosidade feita verso, e descendendo d-a inconmensurable cima d'un maxestuoso pensamento humán, vestido de festa, y-espellado n'un xeste, pra millor s'acobexar n-o prácido miolo d-os nosos aldeans. E-a festa canta e rie n-o *Seixo*, n-a *Alborada*, n-a *Fiadora do sábado*, mortañesa po-lo frío e-a preguiza, e demandando a roca, n-a negra hora d-a noite, n-a que tan sōyo vellan os spritus, as meigas ou os corvos! ¡Os vellos borrachos, d'unha expresión cómica que nàide superou, nàide superará—¡cantos inxenios d'eiquí e d'alem, quixeran imitalal!—, rindo äs gargalladas, mentre-la chuvia entoaa a mais dorida cántiga, chorando a reu sobr'a visión zalógobre que n-a inmortal autora d-os *Cantares* representou

aquela «Casa Grande», onde viviu, doliosa, a sua naici-
 ña, «Cal viudiña abandonada—que cai triste, o pé d'un
 robrel» ¿Nacichede de nai, os que podedes non glosar
 este pöema n'un salouco?

A que boqueou, c'ö esfarrapado, famento segador,
 n-os impiedosos êrmos castelans; o curazón—¡reveren-
 ciado sêia!—que seguïunos a pè n-o seu calvario, como
 apóstol do ben; tí, ¡Rosalfal, que fixeche teu door c'ö
 dôor d-a Pàtria, benedecida sêias, por santa e por poe-
 ta. A beira d-as tuas fillas, sen consolo, acudamos, ga-
 legos! Seïamos todos fillos n-o seu colol; e probes como
 somos, pra chegar ä realeza qu'ela apañou n-a terra,
 mais n-os Ceus, demandêmoslle un don ä noxa Virxen,
 qu'hoxe n-o seu mantelo a abriga, tenra; e digamos
 unciosos—a ollada n-o alto y-e no polvo a frente—as
 sóyas verbas do seu porte diñas; únezas que habrán
 forza pra rachar as nubadas, e chegar, direitiñas cara ö
 Ceu; a cántiga d'un alma pra un seu morto:

¡Ave-María, Naiciña d-a gracial
 ¡Leros portamos pr'ä nosa cantoral
 ¡De curazós un ramallo formamos,
 Pra que co-iles lle fagas coroa!

FRANCISCA HERRERA E GARRIDO.

Oleiros, marzo 16-925.
 (Lugar de la Cruz.)

NOTAS DEL CORRECTOR

Galicia, la bella y buena.

Un voto por su dicha.

EL REGIONALISMO POLÍTICO Y EL ESPIRITUAL.—EL
IDIOMA GALLEGO Y SU MISIÓN

La edición anterior de las obras de la Cantora abundó en erratas (*ninguna era de imprenta*), dadas a confusión para los lectores poco propicios a fijarse en la técnica del idioma gallego, enaltecido sobre un Parnaso regional en que culminaron, insignes en Europa y América, los nombres de la propia Rosalía y de Manuel Curros Enríquez.

Dolorosamente, resulta un exceso de palabra mencionar *el* idioma gallego, que, nonnato, se halla, valga la paradoja, en riesgo de morir, no por las influencias de otros idiomas, que si algunos las abominan—¡repugna aceptar este hecho, asombroso por lamentable!—son necesarias y fatales, ya que ningún pueblo civilizado vive en jaula o coto que le preserve a la sociabilidad; y

menos aún Galicia, pues, emporio de toda belleza, atrae las miradas y suscita el amor que Dios quiso para las tierras de El escogidas. Pero a despecho de la voluntad divina y contra el tímido regionalismo sano, ése que, amor *verdad* hacia su pueblo, no implica odio a los de fuera, es en efecto que ahora mismo hay, muy semejantes, varios idiomas gallegos, dictados por las provincias y aún, en división más genérica, por la marina y la montaña.

Se me argüirá, quizás por los mismos a quienes aprovecha soslayarla, una razón inconcusa que ataca en sus cimientos, no al ESPÍRITU REGIONAL, substancia *eterna*, sino a su carátula, que acota sin motivo el terreno a espaldas de la Historia y de la Geografía, asideros de su obstinación, olvidándose en sus pujos reivindicatorios aún de tierras gallegas hasta ayer por la mañana; y aceptando como *su* Galicia la definida por la política central, quien pudo bien dilatarla al propio antojo o reducirla de un plumazo, dejándonos conformes asimismo, ya que una cosa es, andaluz o gallego, el *Espíritu de lugar*, perfume del alma, que se expande en toda la masa esférica del aire y ni está ausente allí donde el olfato no llega a percibirle, y muy otra es la finca limitada por el valladar que representa el derecho del propietario; a mi afirmación opondrán la *continuidad* de lo creado, impuesto por Dios, que dió la Tierra por igual y en común a todos sus hijos. Por ello, porque la Creación es virtualmente para el provecho común de todos, la conciencia no acusa ni los sentidos perciben dentro de lo humano otras organizaciones *naturales, eternas*, que las exigidas para los fines *naturales* también y determinados en lo fisiológico y en lo sociable, modos *únicos* de la vida terrena; y esas organizaciones racionales, a que la

Política va sometiéndose en el tiempo, fueron, son ahora y no serán otras jamás: en el respecto primero el *individuo*, y en el segundo el *municipio*, sin que ellos, sociables por ley de Dios, por imperativo de la Naturaleza que a todos nos comprende y nos rige, se basten a sí mismos.

A virtud de esa continuidad irrefragable en que hemos de coincidir unánime y forzosamente, incluso quienes poseyéndola en conciencia la niegan en lo externo para explotar el sofisma que se le opone; atenido a esa ley de la Creación, el regionalismo *politico* no entra por los ojos mortales; ni siendo él tan artificial hay razón que pueda abonarlo cual motivo de diferencias rencorosas ni causa de luchas agrias entre los hombres, todos hermanos. Esa continuidad es de tal suerte fatal e ineluctable, como que en el idioma, las costumbres, el comer y el vestido, las fiestas y los duelos, cuanto, en fin, determina, precisa y define, jamás, es cierto, identifica los hombres ni los pueblos, ya que dentro de la unidad, que se da en la Naturaleza total, Dios mismo, hay la variedad infinita; pero hace *imperceptibles* cuanto a dos aldeas las más próximas, gallega una y leonesa otra, las diferencias infinitesimales entre ambas por los individuos y el conjunto; diferencias no más pequeñas ni mayores que las también invisibles, pero existentes asimismo, entre dos aldeas inmediatas dentro de la provincia o región, artificios mudables que no perdurarán, ni, destruidos por el acuerdo razonable de los pueblos han de rehacerse, ya que rinden sus fueros al progreso, égida que ampara la emancipación del hombre y de la sociedad universal, y redimiéndonos de supersticiones condena ese carnaval grotesco y explotable que ve, o lo finge, distingos entre dos montañas inmediatas y percibe dos colores en ambas mitades al hilo de un

rio fronterizo. La *Razón y los hechos* denuncian, sí, el ESPÍRITU, bien diferente en sus modos gallego y andaluz y los ve, función de la continuidad que nos condiciona, desdibujarse a cada metro en la carrera del automóvil, hijo del progreso que veda los cerebros al arcaísmo; y ve cómo uno de aquéllos se anula y es absorbido por el otro a medida que el andar nos aleja una tierra de Dios y nos pone otra, de Dios también, más cerca.

Pues el idioma, sometido a la continuidad, ley absoluta, va también al caminar en el espacio asimilándose con el del pueblo inmediato, y el de hoy, hijo de lo pretérito, avanza sobre las alas del tiempo y será muy otro en lo futuro. Por eso, la Humanidad, España, han de limitar la aspiración a conservar sus tesoros en los términos naturales, sin pretender sustraerlos a influencias que no han de vencerse y evitando que la arbitrariedad los toque; por eso no hay menoscabar las lenguas gallegas, *hechos* dignos de respeto y de guarda; pero sí es debido recoger el aroma esencial común a ellas en la redoma de la Gramática para fijar y determinar, en honra de esas variedades, el idioma gallego que desprenden; idioma de belleza insuperable, y, en algún respecto de su aplicación, belleza altísima que no espera otra igual, por cuanto—digámoslo sin mancillarnos con la ruindad del menosprecio a los idiomas competidores, cuya valía mide así la del vuestro—sólo quienes le desconozcan o los paladines del extranjerismo, dudarán, sin motivo a mi juicio, que la fala de Rosalía es musical, muy sobre el italiano, para la canción de toda índole y la ópera de la trova, de la égloga y de la ternura amorosa. Dije una vez y repito: No concibo que un fiscal use del gallego solicitando la pena de muerte. Urge hacer esa Gramática y un Diccionario; pero bien enten-

diendo que las palabras, fuera de algunas industriales, las palabras del alma, no son ni jamás fueron en su origen producto del capricho, sino determinaciones de la lógica natural solicitada por el objeto representable; y así, cabe al filólogo, atento a la Historia, purificar la raíz, el tema y las desinencias racionales de las mismas. Ese diccionario no se distinguirá de los otros por ser completo, no; respetemos (sería un pierdetiempo vano atentar a ellas, que se modificaran *por sí mismas*, ajenas a violencias inútiles) esas modalidades provinciales de un idioma; pero fijémosle como patrón, libre de la arbitrariedad que le desfigure.

Si empresa como la esbozada es harto difícil a profesionales, consagrados años y más años a cultivar el vergel del idioma nativo, ¿cómo no serlo para mí, madrileño, forzado por circunstancias que no son del caso a alternar con otras ocupaciones el estudio, en un plazo inverosímil, de los tres tomos de Rosalía, la Gramática de Saco y Arce; otras dos, histórica una de ellas; ver, en la Biblioteca Nacional también, tres diccionarios y escribir además esta nota modestísima? El espíritu gallego, siempre reflexivo, no enjuicia sin pausa; pero su contrafigura dará por cierto, sin meditaciones leves ni profundas, que pude y debí inhibirme a favor de quienes lo habrían hecho, bien que de no haber editor valeroso que cargara con ediciones, sextas, a muchos solcitos no les preocupara—y lo pruebo—que huyera por siempre de las librerías el nombre de la Cantora. Pero ni aun así es bien tomar baratamente mi labor a profanación, ya que se funda en principios inalterables de la Filología y, en el terreno de los hechos, por no haber, dolorosamente, un gallego tipo; a quien enjuiciare, le será preciso demostrar que la modalidad por él adopta-

da es mejor que otra y que si llega a relevarme un co-
terráneo de la Musa ésta quedara más satisfecha o
menos deservida. Consignemos que la edición ante-
rior, cuidada por un literato no francés ni de Madrid,
tenía un millar de absurdos ortográficos entre los
dos libros y dos mil o más arbitrariedades a tono con
el modernismo sin escrúpulo que viene desnaturaliza-
ndo esta lengua bella, al punto de que edición tal ha
sido protestada por cuantos gallegos verdad la ley-
ron, pues sellaba de un descrédito inmerecido el idioma
de Rosalía, tan desemejante al que se ofreció a Castilla
en esos malhadados tomos, sobre los que puse, para
para llegar a los que ahora veis, un espíritu de estudio
carñoso y una buena fe depuradora indiscutible. Pro-
clamad un maestro *del* idioma gallego único, y pues no
tardará en ver la luz un libro conteniendo joyas litera-
rias gallegas, yo, que deseo huir lo que no me incumbe
o pertenece a otros con derecho mayor, le entregaré
gustoso los originales. En tanto, vaya mi intervención
cual prenda de anhelo por la fraternidad gallego-caste-
llana, que os conviene muy mucho, y para disipar la le-
yendá arcaica de antagonismos que no es de pro a mon-
tescos ni a capuletos; y vaya también por mi fe en que
los gallegos verdad actuales certifican la hospitalidad
castellana, con que ahora se les indemniza de cuanto
fué debido y no pagado por lo visto a sus bisabuelos.

ROSALÍA ANTE CASTILLA

En este punto, Martínez Salazar, investigador sabio
con todas las garantías de imparcialidad y libre además
de las exaltaciones poéticas, viendo que al ciudadano
gallego aconteciale dondequier lo que no pasaba con

nadie más, discurrió si no se debería esa diferencia de trato a la mansedumbre bovina del gallego de antaño, hija de la sumisión incondicional «que practicaba en Galicia respecto al amo y sobre todo al clero». Huyendo al maltrato y la miseria, repelidos por el látigo lo mismo que por la sonrisa amable, pero explotadora, es sin duda que los gallegos substituían el lugar de su esclavitud, puesto que no hay hijo de madre, ni lo habrá, que dé en el infierno a causa de abandonar voluntariamente el paraíso. Es indefectible, cuanto a lo dicho por el sabio don Andrés, que todo abona esa conclusión profundísima y precisa: añadiré, ayudado por mi buena memoria, que la brutalidad madrileña y castellana de los tiempos aquellos era muy grande y había para regalar y vender, sin miedo a que la semilla se extinguiera. Ello no empece a que un gallego—se lo oí muy bien—menospreciara a su hermanito, echándole en rostro, como afrenta, la cuna regional que le era también propia; y un vuestro escritor, ahí muy considerado, un ataca-pensiones que tiene continuadores aguerridos, hombre que se nos mostró ahito de manía gramatical, que parecía única en él, quien recién muerto dejó muestras palmarias de que tuvo por manía también el espíritu económico y la inseparabilidad conyugal, ése, certificaba que los gallegos de las tierras de América ponían celo en ocultar su origen, cuando pudieron ya proclamarlo con orgullo, titulándose con justo derecho hermanos de Rosalía.

Pero ni los males son desaprovechables; y ahora, amigos ya todos, presentaré una letra que significa mucho para aceptada de ligero por quienes suponen ~~que~~ *ense* en su odio irreductible a Madrid continuadores de Murguía y de la Cantora, y tanto, que la vida literaria de ellos no pasó de resobar dichos nombres y tema:

de no haber en los años de entonces la mansedumbre gallega y la brutalidad supina de quienes respondían de manera contraria a la debida en el caso—defecto de un pueblo y no nada virtud del otro—¿dónde fuera Rosalía de Castro objeto único de la estéril vida literaria de muchos? ¿Cómo este genio, bien definido por Castellar, inflamariase de amor y de protesta justiciera, concuyendo en muerte imaginada los duelos de su paisaño, cuyo mausoleo regio es la glosa inmortal de *Castellanos de Castilla*? ¿cómo escribirse el prodigio inmensurable y simplicísimo, *Tristes recuerdos*? ¿qué obra tendría la Cantora, cuya inspiración única—confesada va en su preámbulo de este libro—era dejar a Galicia y sus hijos en el puesto que se les negaba y les corresponde? Y porque nadie sujete al arbitrio individual el aprecio justo de lo apuntado, yo os digo que no se refiere a lo mudable de Galicia, sino a cuanto hay de más substantivo en este nombre; un terremoto puede sepultar la mitad de esa tierra o un milagro alzarla en relieve culminante sobre la haz del planeta; la Coruña se hará mayor que Barcelona o puede retroceder unos siglos; sucederá lo más inesperado, ya que lo por venir es una incógnita; sin embargo, mientras haya un gallego el espíritu de Galicia será en el mundo, y él tiene una definición aplicable al pretérito como a lo futuro; grandeza que rechaza los criterios parciales, que no es comparable ni puede ser discutida: el espíritu gallego, ciudad o aldea, mar, América, donde se le encuentre, se llama y se llamará con dos nombres de expresión idéntica, espejo de sinonimia perfecta: Galicia y Rosalía de Castro. Quien lo dudare—y la duda entraña siempre buena fe y excluye el prurito extravagante de relevar la firma poniendo a debate las substancias indiscutibles—

muestre a las aldeas la biblioteca regional y la respuesta será unánime y sin vacilación; toda voz aldeana, y así digo voz gallega libre de contaminaciones, lo proclamará sin reservas: *Follas Novas* es el alma de nuestra Musa regida por Galicia; *Cantares Gallegos* es el alma eterna de Galicia fijada por Rosalía.

¡Temer y recusar el influjo de idiomas extraños, ¡el español, tan bello, que no a otro se refieren los sinceros y los demás! Por lo pronto, mientras la gallega prodigio veíase precisada a cohibir en su tierra madre las agresiones del despecho, como lo demuestra su «carta a Eduarda» y lo corroboran Vales Failde, Curros y Francisca Herrera en el prólogo insigne que antecede; mientras acontecía tal, por nadie tomado a baldón ominoso de un pueblo grande, que luego había de amarla y hoy la reza devoto, ni más ni menos porque los ecuanimes de todos los tiempos discernen bien los pseudo representantes y los representados involuntarios, y saben que los pueblos nunca fueron mal agradecidos; en tanto un diario gallego acusaba sin hidalguía la deferencia de la Musa, notificándola recibo de «unos Cantares Gallegos, que no son gallegos ni cantares», Ruiz de Aguilera pulsó la lira castellana para dar relieve altísimo a esa obra que nos deslumbra con la fulgencia del Arte sumo y cuya fama es inmortal, pues encierra y comprende el alma gallega, que despierta riente al són mágico de las cunchiñas y se recoge luego en oración, cuando la mano poética y divina de Rosalía tañe las *Campanas de Bastabales*, arpa de bronce litúrgico, hecho, por modo tal, el más sublime de cuantos en loor de Dios vibraron jamás sobre torres de iglesia.

Ello proclama que no abandonamos la virtud altísima de la consecuencia: delata medio siglo estirado sobre el

que hubo, persistente y aun remozada hoy, esa literatura inútil que en otro libro calificué de *microbiana*, a causa de su proliferación y por el daño que hace a los pueblos; ésa que, en vez de subordinar la palabra a un tema urde articulillos donde encajar un vocablo determinado; la literatura—llamémosla así—que allana derechos y atropella respetos por darse el gusto ingeniosísimo de remover en su fea huesa del olvido las palabruccias *curul* y *dubitatemente*. Y hoy, como ayer, la cultura verdad de Galicia se rinde a la osadía hueca, y la autoriza así, invistiéndola con los privilegios de la representación, merced a los cuales una jerga de esa laya le hurta su vez y fueros, sin que el deber, siervo de la amistad con quienes se divierten jugando al periodismo y suplantando a esa cultura, les estorbe y evite cubrir de máscara ramplona la fisonomía literaria de un pueblo.

¡Tánto los unos, muy pocos, a deshorrar en Galicia el idioma de Castilla, y los demás a callar, permitiendo que el error sea infundido en vuestros lectores! A esa labor debemos responder con la verdad, que fué siempre de provecho: Galicia ama el idioma de Castilla.

Así, por el órgano de un poeta castellano, es como el habla de Cervantes influyó en la obra gallega de la Cantora.

■ Ni para el intento de aislar, en su daño EXCLUSIVO, a Galicia, donde por excepción se admite un concejal o juez municipal leonés, se invoque por ciertas plumas a la Cantora: cesada há tiempo la inspiración de *Castellanos de Castilla* que es hoy amor hospitalario, no queda ya de versos tales sino la fragancia inalterable del Arte; ni se ampare nadie en Murguía, porque el amargadísimo Patriarca de las Letras gallegas, llamémosle así con licencia de algunos que, luego que murió, negábanle este

título, nació y empezó sus luchas cuando el Poder legislaba aún para los antiguos Reinos; y pese a ello, era muy amigo de Madrid, que os lo devolvió y a Rosalía enaltecidos con la autoridad y la fama que merecieron, otorgada como una propiedad, sin regateos, envidias ni discusiones malsonantes. Nadie se ampare en él sin negar lo innegable: que bajo el cielo, todos, aun los precursores, son totalmente siervos de las preocupaciones de su tiempo.

SUPREMACÍA ESPIRITUAL Y ATRASO MATERIAL DE GALICIA

Podríamos señalar todo un sistema crónico de hechos que estatuyen a Galicia, a la digna madre de Rosalía —y con decir así digo su alabanza más hiperbólica—, pueblo abandonado e infeliz cual no otro en el mundo; un paria, cuyos labios nunca balbucieron la palabra «esperanza», porque no sabe de los filántropos hasta que mueren. Cae un gobierno y es entonces cuando Galicia viene a conocer que él hubo intenciones de amor y planes desvelados para redimirla; y añadamos que los políticos gallegos de todos los tiempos han nutrido siempre la representación del Poder público. No faltan allá hombres bonfísimos, árbitros de municipios y diputaciones, para quienes el propio hogar se dilata a virtud del amor de la cuna hasta las fronteras regionales. No obstando ello, la ausencia de equidad en las cumbres elevadísimas que la ética pone equidistantes de todos los sometidos a su tutela, viene causando, en años que ya pasan del siglo, un llamémosle déficit, de la satisfacción y el estímulo ciudadano, que recluye a Galicia en sí propia, tornándola estéril y sin provecho recíproco

para el resto de España. Así puede ocurrir que su cultura, pujante, como siempre, se desconozca por los extraños, ya que aún en la propia tierra se ofrece apenas a la vida pública; y, pese a su calidad y número enviable permite que el marasmo la invada, porque se juzga ineficaz para el bien de su pueblo, y se limita al consuelo de ensalzarle, como ponderando el mérito de la tierra y el abandono que le corresponde.

Del escepticismo que distingue a la cultura gallega, queda indemne aún el altar donde se rinde culto a la tierra nativa; pero la asfixia de otros sentimientos, de otra fe, adquiere ya extensión demasiada. Galicia sabe que nadie vive solo, ~~pero~~ es consciente de que—el mal cuenta ya un siglo—la excluyen de la sociedad en que Dios la puso. En verdad, Galicia vive entregada a sí, cuando no se bastaría a los suyos aunque aplicara íntegra la fuerza con que Naturaleza la ha dotado.

Pese a estas causas y otras internas en que el pueblo no interviene para cosa alguna, es indudable que el espíritu no se queda a la zaga, y, más susceptible cada día, su amplitud y elevación no le sirven para gozar de la felicidad que le huye y sí para medir la magnitud y la injusticia de sus dolores; pero es visible por igual que la palanca del tiempo no busca apoyo alguno en los lares de María Pita. Nada se mueve allí; la mujer gallega de Rosalía tiene su trasunto idéntico en la que Francisca Herrera nos muestra; víctima de un hado negro, rememora libre de achaques, igual que si el tiempo no corriese, la *Viuda de los vivos*, ejemplar dichosamente exótico, fuera de Zamora y de León, en el resto de Iberia; medio siglo en que todo cambió de faz y aun de entraña, no sirvió de alzar sobre el polvo al misero *galeguiño d'aldea*, hoy el mismo, y aun agravado, que cuando se

nos despidió *pr'a Habana* regando con sus lágrimas, hiel de la iniquidad y amor ternísimo, las páginas de *Follas Novas*. La dicha de cuantos hogares aldeanos preservan a la luz el dolor que Rosalía reclama para sí, no es tal, sino resignación o, quizás, hábito del sufrimiento.

E sentada estou mirando
Cóm'a lua vai saíndo,
Cómo o sol se vai deitando.

Cál se deita, cál se esconde,
Mentras tanto corre a lua
Sin saberse para donde.

Para donde vai tan soya,
Sin qu'òs tristes qu'a miramos
Nin nos fale, nin nos oya.

Que si oíra e nos falara,
Moitas cousas lle dixera,
Moitas cousas lle contara.

IV

Cada estrela, o seu diamante;
Cada nube, branca pruma,
Trist'a lua marcha diante.

Diante marcha crarexando
Veigas, prados, montes, rios,
Dond'o día vai faltando.

Falta o día, e noite escura
Baixa, baixa pouco á pouco,
Por montañas de verdura.

De verdura e de follaxe,
Salpicada de fontañas
Baixo a sombra d'o ramaxe.

—
D'o ramaxe, donde cantan
Paxariños piadores,
Que c' aurora se levantan.

—
Que c'a noite s'adormecen
Para que canten os grilos
Que co'as sombras aparecen.

V

Corre'o vento, o río pasa,
Corren nubes, nubes corren
Camiño d'a miña casa.

—
Miña casa, meu abrigo:
Vánse todos, eu me quedo
Sin compañía nin amigo.

—
Eu me quedo contemprando
As laradas d'as casiñas
Por quen vivo sospirando.

.....

Ven a noite..., morro o día...
As campanas tocan lonxe
O tocar d'*Ave Maria*.

—
Elas tocan pra que rece;
Eu non rezo, qu'os saloucos
Afogándome parece
Que por min tén que rezar;
Campanas de Bastabales,
Cando vos oyo tocar,
Mórrome de soidades.

XII

I


Vint^unha crara noite,
Noitiña de San Xoán,
Poñendo as frescas herbas
N-a font'á serenar.
E tan bonita estabas,
Cal rosa n-o rosal,
Que d'orballiño fresco
Toda cubert'está.
Por eso, namorado,
Con manso sospirar
Os meus amantes brazos
Botéiche pol-o ban.
E ti con dōces ollos
E máis dōce falar,
Meiguiña me emboucaste
En prácido solás.
As estrelañas todas
Qu'aló n-o espaço están,
Sorrindo nos miraban

Con soave craridá.
E foron, ¡ai!, testigos
D'aquel teu sospirar
Qu'ô meu correspondía
Con amoriño igual.
Pero dempois con outros
Máis maxos e galáns
(Mais non que máis te queiran,
Qu'haber non haberá),
Tamén, tamén, meniña,
Soupeches practicar
Â sombra d'os salgueiros
Cabo d'o romeiral.
Por eso eu che cantaba
En triste soledá,
Cando ¡ai de min!, te vía
Con eles parolar:
«Coida, miña meniña,
D'as praticas que das,
Que donde moitos cospen
Lama fan.»

II

¡Qué triste agora te vexo!...
¡Qué triste, nena, estás!...
¿Os teus frescos colores,
Dónde, meniña, van?
¿O teu mirar sereno,
O teu dõce cantar,

Dónde, meniña, dónde,
Coitada toparás?
Xa non te vin, meniña,
N-a noite de San Xoán
Poñendo as frescas herbas
N-a font'á serenar.
Xa non te vin fresquiña
Cal rosa n-o rosa!
Que muchadiña estabas
De tanto saloucar.
Hora, de dor ferida
Buscando a honriña vas,
A honriña que perdeches,
Mais ¿quén ch'a volverá?
Eu ben, miña meniña,
Ben ch'a quixera dar,
Qu'aquel que ben te quixo
Dōise de verte mal.
Mais anque dir eu diga,
Que limpa, nena, estás,
Respóndenme sorrindo
Por se de min bulrar:
«Ben sabes, Farruquiño,
Farruco d'o Pombal,
Que donde moitos cospen,
Lama fan.»



XIII

*San Antonio bendito,
Dádeme un home,
Anque me mate,
Anque me esfole.*

Meu santo San Antonio,
Dáime un homiño,
Anqu'o tamaño teña
D'un gran de millo.

Dáim'o, meu santo,
Anqu'os pés teña coxos,
Mancos os brazos.

Unha muller sin home...
¡Santo bendito!
E corpiño sin alma,
Festa sin trigo.

Pau viradoiro,
Qu'onda queira que vaya
Troncho que troncho.

Mais en tendo un homiño,
¡Virxe d'o Carmel!
Non hai mundo que chegue
Para un folgarse.

Que zambo ou trengo,
Sempre é bó ter un home
Para un remedio.

—
Eu se d'un que cobiza
Causa miral-o,
Lanzaliño d'o corpo,
Roxo e encarnado.

Carniñas de manteiga,
E palabras tan dõces
Cal mentireiras.

—
Por el peno de día,
De noite peno,
Pensando n-os seus ollos
Color de ceo.

Mais el xa doito,
D'amoriños entende,
De casar pouco.

—
Facé, meu San Antonio,
Qu'onda min veña,

Para casar connigo,
Nena solteira;


Que levo en dote
Unha culler de ferro,
Catro de boxe;

Un hirmanciño novo,
Que xa ten dentes;
Unha vaquiña vella,
Que non dá leite...

¡Ail, meu santiño,
Facé que tal suceda
Cal vol-o pido.

San Antonio bendito.
Dédeme un home,
Anque me mate,
Auque me esfole;

Que, zambo ou trencó,
Sempre é bó ter un home
Para un remedio,



XIV


Acolá enriba
N-a fresca montaña,
Qu'alegre se crobe
De verde retama,
Meniña morena
De branco vestida,
Nubiña parece
N-o monte perdida,
Que xira, que corre,
Que torna, que pasa,
Que rola, e mainiña
Serena se para.

Xa envolta se mira
N-a espuma que salta,
D'o chorro que ferve
N-a rouca cascada.
Xa erguida n-a punta
De pena sombrisa,
Inmóble cal virxe
De pedra se mira.
A cofia de liño
Ôs ventos soltada,

As trenzas descoida
Qu'os aires espallan;
Tendida-l-as puntas
D'o pano de seda,
As alas d'un ánxel
De lonxe semellan,
Si as brisas d'a tarde
Xogando con elas
As moven c'a gracia
Qu'un ánxel tivera.
Eu penso, ¡coitado
De min!, que me chaman
Si as vexo bulindo
N-a verde enramada;
Mas, ¡ai!, qu'os meus ollos
Me engañan traidores,
Pois vou, e lixeira
N-a niebra se esconde;
Se escond'outras veces
N-a sombra d'os pinos
E canta escondida
Cantares dulciños,
Qu'abrasan, que firen,
Ferida d'amor,
Que teño feitiña
N-o meu corazón.

¡Qué feita, qué linda,
Qué fresca, qué branca,
Dou Dios á meniña

D'a verde montaña!
¡Que hermosa parece,
Que chore, que xima;
Cantando, sorrindo,
Disperta, dormida!
¡Ail, si seu pai
Por regalo m'a dera,
¡Ail, non sentira
N-o mundo máis penas.
¡Ail, que por tel-a
Connigo por dama,
Eu ll'a vestira,
Eu ll'a calzara,



XV

*Adiós, ríos; adiós, fontes;
Adiós, regatos pequenos;
Adiós, vista d'os meus ollos,
Non sei cándo nos veremos.*

Miña terra, miña terra,
Terra donde m^eeu criei,
Hortiña que quero tanto,
Figueiriñas que plantei.

Prados, ríos, arboredas,
Pinares que move o vento,
Paxariños piadores,
Casiña d'o meu contento.

Muíño d'os castañares,
Noites craras d'o luar,
Campaniñas timbradoiras
D'a igrexiña d'o lugar.

Amoriñas d'as silveiras
Que eu lle daba ô meu amor;
Camiñiños antr'o millo,
¡Adiós, para sempre adiós!

¡Adiós, gloria! ¡Adiós, contento!
¡Deixo a casa onde nascín,
Deixo a aldea que conoço,
Por un mundo que non vin!

Deixo amigos por extraños,
Deixo a veiga pol-o mar;
Deixo, en fin, canto ben quero..
¡Quen puidera non deixar!...

.....

Mais son probe e malpocado
A miña terra n'é miña,
Qu'hastra lle dan de prestado
A beira por que camiña
Ô que nasceu desdichado.

Téñovos, pois, que deixar,
Hortiña que tanto amei,
Fogueiriña d'o meu lar,
Arboriños que prantei,
Fontiña d'o cabañar.

Adiós, adiós, que me vou,
Herbiñas d'o camposanto,
Donde meu pai se enterrou,
Herbiñas que biquei tanto,
Terriña que nos criou.


Adiós, Virxe d'a Asunción,
Branca com'un serafín;

Lévovos n-o corazón;
Pedídelle á Dios por min,
Miña Virxe d'Asunción.

Xa s'oyen lonxe, moi lonxe,
As campanas d'o pomar;
Para min, ¡ail, coitadiño,
Nunca máis han de tocar.

Xa s'oyen lonxe, máis lonxe...
Cada balad^{re} é un dolor;
Voume soyo, sin arrimo...
Miña terra, ¡adiós!, ¡adiós!

¡Adiós tamén, queridiña...
Adiós por sempre quizáis!...
Digoche este adiós chorando
Desd'a veiriña d'o mar.
Non m'olvides, queridiña,
Si morro de soidás...
Tantas légoas mar adentro...
¡Miña casiña!, ¡meu lar!



XVI

*Eu ben vin estar o moucho
Enriba d'aquel penedo:
¡Non che teño medo, moucho;
Moucho, non che teño medo!*

I

Unha noite, noite negra,
Como os pesares que eu teño,
Noite filla d'as sombrisas,
Alas que extenden os medos;
Hora en que cantan os galos,
Hora en que xemen os ventos;
En qu'as *meigas* bailan, bailan,
Xuntas c'o demo pirmeiro,
Arrincando verdes robres,
Portas e tellas fendendo;
Todas de branco vestidas,
Tendidos os brancos pelos,
Contra quen os cans oubean
Agoirando triste enterro;

Cando relumbrar se miran
Antr'os toxales espesos,
Cal encendidas candeas,
Ollos de lobo famento;
Y os ramallaxes d'os montes
Antre sí mormuxan quedos,
Y as follas secas que espallan
Os aires d'a noite inquietos,
En remuíños se xuntan
Con longo estremeceamento;
Indo camiño d'a igrexa,
Soya c'os meus pensamentos,
Cabo d'a fonte d'a Virxe,
Pretiño d'o cimiterio;
Dempois de sentir un sopro
Que me deixou sin alento;
Eu ben vin estar o moucho
Enriba d'aquel penedo.

II

Arrepuñadas todas
As carnes se me puñeron,
Y os cabelos n-o curuto
Fóronse erguendo direitos:
Gotas de sudor corrían
A fio pol-o meu peito,
E tembraba como tembran
As auguas cando fai vento,

N-a pia d'a fonte nova
Que sempre está revertendo.
Aquel moucho ali fincado,
Cal si fose o mesmo demo,
Fito a fito me miraba
C'os seus ollos rapiñeiros,
Que coidei que me roubaban
Non máis que de lonxe vel-os:
De lume me paresían
E que me queimaron penso;
Penso que eran tizós roxos
D'a fogueira d'os infernos,
Que pol-as niñas me entraron
Hastr'o corazón dereitos.
En el remorsos había
D'amoriños pecadentos...
¡Ai, quen ten de eses amores
Non pod'hachar bon sosiego!

Chovía si Dios ten augua,
Ventaba en todol-os ventos,
Y ensarrapicada toda
A camiñar non m'atrevo;
Qu'o moucho, fita que fita,
M'aspera n-aquel penedo
Mais acordeime d'a Virxe
Que sempre connigo levo;
Résolle un Ave María,
E cobrando novo alento,
Como os páxaros d'o mare

Nadando paso ô regueiro;
Corro á enriba d'o valado,
Brinco en baixo d'o portelo,
E dend'alí berro entonces
Con cantas forzas eu teño:
*¡Non che teño medo, moucho,
Moucho, non che teño medo!*

XVII

*Airiños, airiños aires,
Airiños, d'a miña terra;
Airiños, airiños aires,
Airiños, leváime á ela.*

Sin ela vivir non podo,
Non podo vivir contenta;
Qu'adonde queira que vaya
Cróbeme unha sombra espesa.
Cróbeme unha espesa nube
Tal preñada de tormentas,
Tal de soidás preñada,
Qu'a miña vida envenena.
Leváime, leváime, airiños,
Com'unha folliña seca,
Que seca tamén me puxo
A callentura que queima.
¡Ail, si non me levás pronto,
Airiños d'a miña terra:
Si non me levás, airiños,
Quisáis xa non me conesan;
Qu'á frebe que de min come,
Vaime consumindo lenta,

E n-o meu corazonciño
Tamén traidora se ceiba.

Fun n-outro tempo encarnada
Como o color d'a sireixa;
Son hoxe descolorida
Como os cirios d'as igrexas,
Cal si unha meiga chuchona
A miña sangre bebera.
Vóume quedando muchiña
Com'unha rosa qu'inverna;
Vóume sin forzas quedando,
Vóume quedando morena,
Cal unha mourriña moura,
Filla de moura ralea.

Leváime, leváime, airiños,
Leváime adonde me esperan
Unha nai que por min chora,
Un pai que sin min n'alenta,
Un hirmán por quen daría
A sangue d'as miñas venas,
Y un amorriño a quen alma
E vida lle prometera.
Si pronto non me levades,
¡Ai!, morrerei de tristeza,
Soya n'unha terra extraña,
Donde extraña m'alomean,
Donde todo canto miro
Todo me dice ¡extranxeira!

¡Ai miña probe casiña!
¡Ai miña vaca bermella!
Años, que balás n-os montes,
Pombas, qu'arrulás n-as eiras;
Mozos, qu'atruxás bailando,
Redobre d'as castañetas,
Xas-co-rras-chás d'as cunchiñas,
Xurre-xurre d'as pandeiras,
Tambor d'o tamborileiro,
Gaitiña, gaita gallega:
Xa non m'alegrás, dicindo
¡Muiñeira!, ¡muiñeira!
¡Ai, quén fora paxariño
De leves alas lixeiras!
¡Ai, con qué prisa voara
Toliña de tan contenta,
Para cantar a alborada
N-os campos d'a miña terra!
Agora mesmo partira,
Partira com'unha frecha,
Sin medo as sombras d'a noite,
Sin medo d'a noite negra;
E que chovera ou ventara,
E que ventara ou chovera,
Voaría e voaría
Hastra qu'alcanse á vel-a. *se*
Pero non son paxariño
E irei morrendo de pena,
Xa en lágrimas convertida,
Xa en sospiriños desfeita.

Dòces galleguiños aires
Quitadoiriños de penas,
Encantadores d'as auguas,
Amantes d'as arboredas;
Música d'as verdes canas,
D'o millo d'as nosas veigas;
Alegres compañeiriños,
Run-run de tódal-as festas,
Leváime n-as vosas alas
Com'unha follina seca.
Non permitás qu'aquí morra,
Airiños d'a miña terra,
Qu'ainda penso que de morta
Hei de sospirar por ela:
Ainda penso, airiños aires,
Que dimpois que morta sea,
E aló pol-o camposanto,
Donde enterrada me teñan,
Pasés n-a calada noite
Runxindo antr'a folla seca,
Ou murmuxando medrosos
Antr'as brancas calaveras;
Inda dimpois de mortina,
Airiños d'a miña terra,
Eivos de berrar: ¡Airiños.
Airiños, leváime á ela!

He

XVIII

Á O SR. D. CAMILO ÁLVAREZ E CASTRO

CHANTRE D'A CATEDRAL DE SALAMANCA

I

Roxiña cal sol dourado,
Garrida cal fresca rosa,
Iba pol-o monte hermosa
C'o branco pé descalzado...
Copo de neve pousado,
Deslumbrando â luz d'o día,
Tan branco pé parecía.

As longas trenzas caídas,
Con quen os ventos xogaban,
Ondiñas d'ouro formaban
N-a branca espalda tendidas;
Apertadas e bruñidas,
Que espigas eran coidara
Ô que de lonxas mirara.

Tiñan os cores d'o mare
Os seus olliños dormentes;
Máis dōces, máis transparentes
Naid'os poidera encontrare;
Naide vel-os, sin amare
O corazón sin falsía
Que por antre eles se via.

—
Levaba n-a frente a y-alma,
N-os dōces labios a risa;
Auguiña qu'o vento enrisa,
Pousaba n-o fondo en calma.
Tal como gallarda palma,
Cimbréase con folgura
A delgadiña cintura.

—
Ô par d'a brisa temprada
Qu'antr'os salgueiros corría,
Ela correndo seguía
Unha beiriña encantada;
Qu'alí mansa e sosegada
Manaba unha fresca fonte
Çabo d'a falda d'o monte.

II

Franca, pura, sin enganós,
Canta, canta, garruleira,

O pé d'a verde silveira
Lavando os seus brancos panos.
O són d'os romores vanos
Que nascen c'a mañanciña,
Lava, lava n-a fontaña.

Xunto de ela, os paxariños
Gorgorexan que é un contento;
Faille festiñas o vento
C'os seus hirmáns os airiños;
Os pastores, coitadiños,
Cántanlle o dõce *á... la... la...*,
Que lingua d'amores fala.

Ela honesta está escoitando,
Mais con sospiros responde:
Qu'aló garda non sei donde
Saudades de non sei cando.
Os paniños vai lavando
Y á tendel-os s'apresura
N-un campiño de verdura.

Dempois, n-o rego que pasa,
Verte unha bágoa serena,
Filla d'a escondida pena
Qu'o seu peitiño traspasa.
Pois que d'amores s'abrasa:

Aquela qu'é fresca rosa
Tan amante como hermosa.

Compañeiras van chegando,
Cál máis a máis ben portada;
Xarros de louza vidrada,
Antr'os seixos van pousando.
Cai a auguiña mormuxando,
Branca vinchas se levantan;
As meniñas cantan..., cantan.

As estrelas van fuxindo,
A espesa niebra enrarece;
O arboriño que frorece,
Por antre ela vai saindo.
O craro sol vai subindo
Por riba d'o firmamento,
Limpo, garrulo e contento.

Arredor tod'arrescende
Á olido de primadera,
Y aló n-azulada esfera
Fogax de gloria se encende;
Mais a meniña n'atende
Si non ô dor, ¡mal pecado!,
Que ten n-o peito encravado.

Danlle extrañeza os cantares,
Dánlle de chorar deseyos,
Y, os ollos de bágoas cheyos,
Pensa n-os nativos lares:
Que n'hai máis tristes pesares,
Máis negra melancolía
Qu'a qu'antre extraños se cría.

Paxariños, verde prado,
Branca lua e sol ardente,
Todo consolo é impotente
En mal tan desconsolado;
Todo contento é trubado
Pol-a peniña sin fondo
Qu'hai n-o corazón abondo.

Por eso a meniña hermosa,
Fuxe d'a alegre fontaña,
Tal como triste ovelliña
Que trema de dor queixosa.
Vai sentida, vai chorosa,
Mentras lle cantan con saña:
«¡D'a montaña!, d'a montaña!»

Y ela, que de tal se extraña,
Ferida n-o que máis sinte,

Qu'a maltraten non consinte,
Y asi lles contesta huraña:
Anque che son d'a montaña,
Anque che son montañesa,
Anque che son, non me pesa.

XIX

Pasa río, pasa río,
C'o teu maino rebullir;
Pasa pasa antr'as froliñas
Color d'ouro e de marfil,
A quen c'os teus d'oces labios
Tan d'oces cousas lles dis.
Pasa, pasa; mais non vexan
Que te vas ô mar sin fin,
Porque estonces ¡ai, probiñas,
Cánto chorarán por til
¡Si souperas qué extrañeza,
Si souperas qué sufrir
Desque de el vivo apartado
O meu corazón sentiu!
Tal m'acoden as soidades,
Tal me queren afrixir,
Qu'inda máis feras m'afogan,
Si as quero botar de min.
Y ¡ai, qué fora d'as froliñas
Véndote lonxe de sí,
Ir pol-a verde ribeira,
D'a ribeira de Carril!

Pasa, pasa, caladiño,
C'o teu manso rebulir,
Camiño d'o mar salado,
Camiño d'o mar sin fin;
E leva estas lagrimiñas,
Si has de chegar por alí,
Pretiño d'os meus amores,
Pretiño d'o meu vivir.
¡Ai, quén lagrimiña fora
Pra ir, meu ben, xunt'a til...
¡Quén fixera un caminiño
Para pasar, ai de min!
Si a mar tivera barandas
Fórate ver ô Brasil;
Mais a mar non ten barandas,
Amor meu ¿por dónde hei d'ir?

XX

—*Hora, meu meniño, hora,
¿Quén vos ha de dar a teta,
Si tua nai vai n-o muiño,
E teu pai n-a leña seca?*

Eu ch'a dera, miña xoya,
Con mil amores ch'a dera,
Hastra rebotar meu santo,
Hastra que máis non quixeras,
Hastra verte dormidiño
Con esa boca tan feita,
Sorrindo todo fartíño,
Cal ubre de vaca cheya.
Mas ¡ai, qué noite ch'agarda!
Mais ¡ai, qué noite che espera!
Qu'unque duas fontes teño,
Estas fontañas non deitan.
Hora, meu meniño, hora,
¡Cánto chorarás por ela!
Sin ter con qué t'acalente,
Sin ter con qué t'adormeza: .

Que soyo, soyo quedaches
 Com'unha ovelliña enferma,
 Tremando, malpocadiño,
 Com'as ovelliñas treman.
 Sin crobirtor que te cruba,
 N-unhas palliñas te deitan
 E neve e chuvia en ti caen
 Por ~~an~~ ^{antr'} as fendidas tellas.
 E silba o vento que pasa
 Pol-as mal xuntadas pedras,
 E cal coitelo afiado
 N-o teu corpiño se ceiba.
 ¡Ai, cando veña tua nai!
 ¡Ai, cando ch'a tua nai veña!
 ¡Cál te topará, meniño,
 Frío com'a neve mesma,
 Para chorar sin alento,
 Rosiña qu'os ventos creban...!
 ¡Ai, más valera, meniño,
 Que quen te dou non te dera!;
 Qu'os fillos dos probes nascen,
 Nascen para tales penas.

Así se explicaba Rosa
 N-o medio d'a noite negra,
 O pé d'unha negra porta,
 Toda de lañas cuberta.
 Mentras tanto murmuxaban
 Por antr'a robreda espesa
 D'o río as revoltas agoas

Y os berridos d'a tormenta.
Todo era sombras n-o ceo,
Todo era loito n-a terra,
E parece qu'a *compaña*
Bailaba entr'as arboredas
Co'as chuchonas enemigas,
E c'as estricadas meigas.

En tanto un choro soave
Sentir n-o espazo se deixa,
Tal coma gaita tocada
N-unha alborada serena;
Tal como lexana fruta
Cando o sol n-o mar se deita,
Cuyo són nos trai o vento
C'os cheiriños d'a ribeira.

N-o medio d'a chouza escura
Que triste Rosa contempra,
Unha luz branca se mira
Com'aurora que comenza.
Olido de frescas rosas
Os aires d'a noite incensan,
Cal si todas se xuntaran
As froles d'a primadera;
Soan cantares extraños,
Soan músicas qu'alegran;
Músicas son e cantares
Nunca sentidos n-a terra;
Por eso, pasmada Rosa,

Pouquiño á pouco s'achega
E por unha regandixa
Postrada n-o chan axexa.

Nunca humanos ollos viron
O que veu estonces ela,
Que si non morreu estonces
Foi porque Dios ~~no~~ quixera: *no o*
De resplandecente gloria
Rayos d'amor se refrexan
D'o abandonado meniño,
Sobr'a dourada cabeza;
E porque esté máis contento,
E porque máis se entreteña,
Cabe ôs seus peñños crecen
Frescos ramos d'azucenas.
Xa non dorme en probe cuna,
Qu'outro berce lle fixeran
C'as alas os anxeliños
E c'o seu ~~luz~~ estrelas.
Nubes de color de rosa
Fánlle branda cabeceira,
Sírvelle de cobertura
Un rayo de-luna cheya,
Y a Virxen santa, vestida
Con vestido d'inocencia,
Por que de fame non morra
E fartiño s'adormeza,
Dálle maná d'o seu peito
Con qu'os seus labios refresca.

Mentras o mundo existise,
Rosa mirando estivera
Con tanta gloria encantada,
Con tanta dicha suspensa.
Mais unha voz lonxe s'oye
Por antr'os olmos d'a veiga,
Que cantando amorosiña
Se exprica de esta maneira:
<Hora, meu meniño, hora,
Logo che darei a teta;
Hora, meu meniño, hora,
Xa non chorarás por ela.>

Esto cantaron. En tanto
Co'a Virxe desapareceran
Os anxeliños, deixando
En derredor noite espesa.
Xa se sinten as pasadas
Por xunto d'a corredeira;
Xa saltaron o portelo,
Xa cerraron a cancela...
A probe nai corre, corre,
Qu'ó seu filliño ll'espera;
Mais cando chéga, dormido
O seu filliño contempra.
Dille estonces, mentras tanto
Que en bical-o se recrea:

—Miña xoya, miña xoya,
Miña prenda, miña prenda:

¿Qué fora de ti, meu santo,
Si naiciña non tiveras?;
¿Quén, meu fillo, te limpara,
Quén a mantenza che dera?

—O que mantén as formigas
Y os paxariños sustenta—:

Dixo Rosa... Y escondeuse
Por antr'a nebrina espesa.

XXI

*Non che digo nada...
¡Pero vaya!*

I

Pasan n-aquesta vida
Cousiñas tan extrañas,
Tan raros feitos véñse
N-este mundo de trampa;
Tantos milagres vellos,
Tan novas insinanzas,
E tan revoltos allos
Con nome de ensaladas,
*Que non che digo nada...
¡Pero vaya!*

Meniña ben vestida,
Meniña ben calzada,
Que ten roupa decote,
Que ten roupa de garda;

Meniña que ben folga,
Meniña qu'anda maja
Y é probe, malpocado,
Com'unha triste araña...
Non che digo nada...
¡Pero vaya!

Véxote aló antr'os millos,
Véxote aló n-as brañas,
Xa n-o pinar espeso,
Xa n-a beiriña mansa
D'o río, que correndo
Vai antr'as verdes canas,
E xuras que estás soya,
Que naide t'acompañá...
Non che digo nada...
¡Pero vaya!

Casada, casadiña,
Que gustas ser falada,
Que bailas c'as solteiras
N-as festas e ruadas,
Que tes n-a boca a risa
E que c'os ollos falas,
E qu'ô falar con eles
Parece que che saltan,
Non che digo nada...
¡Pero vaya!

Cando mirar te miro
Tan limpa e tan peinada,

Loitar c'os rapaciños
Hastra que en ti se fartan,
E vas dimpois xurando
Que eres muller sin tacha,
E dis qu'as máis non teñen
Contigo comparanza,
Non che digo nada...
¡Pero vaya!

E ti, Rosa, Rosiña,
Modesta e recatada,
Que falas tan mainiño,
Que tan mainiño andas,
Qu'ôs pés d'os homes miras
Pra non verlles a cara,
E fas que non entendes
Cando d'amor che falan,
Non che digo nada...
¡Pero vaya!

Vas pol-a mañanciña
A misa c'as beatas;
Dempois (porque ti o sabes),
De xunta de elas largas;
E si n-a corredoira
Xunto d'a verde parra,
Non sei con qué xentiña,
Párase ou non te paras,
Non che digo nada...
¡Pero vaya!

E ti, rapás garrido,
De tan melosas falas,
Tan maxo de monteira,
Tan rico de polainas,
Tan fino de calzado
Como de mans fidalgas;
Cando me dis que gustas
De traballar n-a braña,
Non che digo nada...
¡Pero vaya!

Ti falarás d'amores
Cousiñas ben faladas;
Ti loitarás c'as nenas
Como ningún loitara;
Ti beberás d'o mosto
Hastra quedar sin fala;
Pero c'os teus sudores
Mollar a terra ingrata...
Non che digo nada...
¡Pero vaya!

Mais tantas cousas vexo
Que me parecen trampa;
Tanto sol entre nubes,
E tan revoltas auguas
Qu'asemellarse intentan
A unha fontíña crara,
Que por non perder tempo

Donde non quito racha,
Non che digo nada...
¡Pero vaya!

II

Pasan n-aquesta vida
Cousiñas tan extrañas,
Tan raros feitos vense
N-este mundo de trampa;
Tantos milagres vellos,
Tan novas insinanzas,
E tan revoltos allos
Con nome de ensaladas,
Que non che digo nada...
¡Pero vaya!

E qu'algo deprendera,
Triste de min, coidaba;
E qu'á experiencia neta
Ninguén m'iba en puxanza
Por ter n-a frente enrugas
E ter caniñas brancas;
Cand'hai hoxe uns mociños
Mesmo dende que maman.
Que non che digo nada...
¡Pero vaya!

Xa non che val, Farruco,
Que vivas en compañía
D'os anos pensadores
Nin d'a experiencia calva,
Nin que ollo alerta vivas
Como a cordura manda;
De donde menos penses,
Tamaña lebre salta.
Que non che digo nada...
¡Pero vaya!

Xa sendo noite escura
Dinche que é noite crara;
Xa estando o mar sereno
Che din que fai borrasca;
E tanto te confunden
E tanto t'acobardan,
Qu'unque falar quixeras
Tal coma Dios che manda,
Non che digo nada...
¡Pero vaya!

Si eres francés, meu vello,
Si eres d'a lonxe Australia,
Si aló d'o sol baixaches
Ou d'as estrelas pálidas,
Con seria gravedade
Quisáis che preguntaran,
E ti pasmado todo,

Calado marmuraras:
Non che digo nada...
¡Pero vaya!

Por eso, meu velliño,
Si de estudar non tratas
A cencia de estos tempos,
Que é com'a y-augua crara
Anque c'a parromeira
Tamén ten comparanza,
Que n-esto a cencia estriba,
Y en ter distintas caras,
Non che digo nada...
¡Pero vaya!

Sin entender un ele
Verás qué ben s'amañan
Honrados e sin honra,
Rameiras e beatas;
Verás cómo s'axuntan,
Verás cómo se tratan,
Mentras que ti marmuras
C'a lingua d'unha coarta.
Non che digo nada...
¡Pero vaya!


Verás cor de sireixa
Quen foi cor de esmeralda,
Y aqueles tan azúes

Que sangre azul manaban,
Manar sangre bermella
Pol-a moderna usanza;
Y esto con tal chistura
E con fachenda tanta,
Que non che digo nada...
¡Pero vaya!

Verás qué revolturas,
Qué ricas contradanzas,
Qué gaitas con salterio,
Qué pífanos con arpas,
Qué dengues encarnados
Con mantilliñas brancas,
Chapurra que chapurra
En confusión tan várea,
Que non che digo nada...
¡Pero vaya!

Ti pensarás qu'aquesto
E tod^a unha antroidada;
Qu'aquí un levita sobra
Y unha chaqueta falta;
Qu'alí se comen lebres
En vez de calabazas,
E tocan frautas donde
Deben tocar campanas...
Mais non che digo nada...
¡Pero vaya!

Deprende, meu velliño,
A cencia ben amada,
Que saibamente insina
Tan rica misturanza,
Si queres ser sabido
En cousas tan extrañas;
Pois antre tantas novas,
As costumíñas rancias...
Non che digo nada...
¡Pero vaya!



XXII

*Mais o que ben quixo un día,
Si á querer ten afición,
Sempre lle queda unha magoa
Dentro d'o seu corazón.*

I

Aló n-as tardes serenas,
Aló n-as tardes caladas,
Fanse máis duras as penas
Que n-as brandas alboradas.

Aló n-as tardes sombrisas,
Aló n-as tardes escuras,
Fanse máis cortas as risas,
Máis negras as desventuras.

Que non hai sera tranquila
Para quen remorsos garda,
E máis presto s'aniquila
Canto máis a noite garda.

II

Eu ben sei de estos sacretos
Que se esconden n-as entrañas,
Que revolen sempre inquietos
Baixo mil formas extrañas.

Eu ben sei de estes tormentos
Que consomen e devoran,
D'os que fan xemer os ventos,
D'os que morden cando choran.

.....

Y anqu' hora sorrindo canto,
Anqu' hora canto con brío,
Tanto chorei, chorei tanto,
Com'as auguiñas d'un río.

Tiven en pasados días
Fondas penas e pesares,
E chorei bágoas tan frías
Com'as auguiñas d'os mares.


Tiven tan fondos amores
E tan fondas amarguras,
Que era fonte de delores
Nacida entre penas duras.

III

Hora río, hora contento,
Vou pol-as eiras cantando,
Vendo d'óna ven o vento
Cando vou levar o gando.

Hora, con grande sosiego
Durmo n-a beira d'as fontes,
Durmo n-a beira d'os regos,
Durmo n-a punta d'os montes.

*Mais o que ben quixo un día,
Si á querer ten afición,
Sempre lle queda unha magoa
Dentro d'o seu corazón.*



XXIII

Castellana de Castilla,
Tan bonita e tan fidalga,
Mais á quen para ser fera
C'a procedencia ll'abasta.
Desíme, miña señora,
Xa qu'os mostrás tan ingrata,
Si o meu rendimento homilde
Bascas de enoxo vos causa;
Pois cando onda vos m'achego
Cuspís con ardentes ansias,
Y ese mirar de pombiña
Volvés en fosca mirada,
Tomando en sombrisa noite
O día que en sol se baña.
En vano intento, señora,
Saber por qué me maltrata
Dama d'un alma tan nobre,
Anque soberba por fama,
Pois n'é motivo ô desprecio
Sintirse tan ben amada:

Qu'as mesmas pedras, señora,
D'un bon querer se folgaran.
Din que n-a nobre Castilla
Así ôs gallegos se trata;
Mais debe saber Castilla,
Que de tan grande s'alaba,
Que sempre a soberba torpe
Foi filla d'almas bastardas.
E sendo vós tan sabida,
Nunca de vól-o pensara,
Que de tan alto baixando
Vos emporcases n-a lama;
Nin que chamándovos nobre
Tanta nobreza enfouçaras
Imitando os que vaídosos
N-o que está débil se ensañan.
Pero máis val que enmudeza,
Pois tés condición d'ingrata;
Que predicar en deserto
D'a miña terra n'é usanza.
Si fun curpabre en quereros
Coma ningún vos amara,
Por ser de terra gallega
E serdes vós castellana;
En paz, señora, vos deixo
C'a vosa soberbia gracia,
E voume á Galicia hermosa
Donde en xuntanza m'agardan
O que no tendes, señora,
Y o que en Castilla n'hachara:

Campiños de lindas rosas,
Fontiñas de frescas auguas,
Sombra n-a beira d'os ríos,
Sol n-as alegres montañas;
Caras que nacen sorrindo
E que sorrindo vos aman,
E qu'inda mesmo morrendo
En sorrisiñas se bañan.
Alí, señora, contento
Cantando o dõce *ala lala*
Baixo a figueira frondosa
E baixo d'a verde parra,
C'aquelas frescas meniñas'
Que mel d'os seus labios manan,
Cando en falar amoroso
Meigo nos din en voz maina.
Con tódal-as de Castilla
Nobrisimas castellanas,
Olvidareivos sin pena,
Anque sós vós tan fidalga;
Qu'aló saben ser altivas,
Pero no saben ser vanas,
Y é fácil con dõces tomas
Olvidar tomas amargas.
Déchesm'as vós, mi señora,
Con despreço envenenadas,
Inda con fero, máis fero
Que pelica de laranxa;
Mais teño, por que me pase
Aquel sarrapio que escalda,

*Teño unha dama n-os Portos,
Outra n-o Ribeiro d'Avia;
S'a d'os Portos é bonita,
A d'o Ribeiro lle gana.*

XXIV

Queridiña d'os meus ollos:
Saberás como estou vivo
N-esta vila, dond'adoito
Dende que chegín de Xinzo.
Saberás como á Dios gracias
Y ô escapulario bendito
Non afogamos n-o mare
Como coidaba Xacinto,
Que é tan valente, abofellas,
Como os alentos d'un pifo.
Saberás cómo dempois
Me puñeron moi vestido
Con roupa azul y amarela
Cal andan tódol-os quintos;
E logo, todos xuntados,
Inda máis de vintacinco,
Nos paseamos pol-as calles,
Que era mesmò un adimiro
De tan majos como íbamos,
De tan brancos e tan limpos.
¡Si me viras, queridiña,

Cal outras que eñ sei me viron!
Cada ollada me botaban
Xa de través, xa de fito...
Y eran meniñas graciosas
Con moita salsa n-o pico;
Mais ningunha de este peito
Poido arrincarm'un sospiro,
Qu'o teu retrato alí estaba
Rabuñando paseniño;
Qu'unque d'onda ti partín,
Prendiña que tanto estimo,
Non vin soyo, miña xoya,
Que ti viñeche comigo.

¡Si souperas cánto peno,
Si souperas cá l m'afrixo
Cando m'acordo n-as noites
D'aqueles teus cantariños!...
H Ora en ti penso desperto,
H Ora en ti penso durmindo,
E sempre en ti estou pensando
Como si foses feitizo.
Seique meigallo me deche
N-a festa d'o San Martiño,
Amasado c'os teus dedos
N-unha bola de pan trigo.
Mais non o sinto por eso;
Qu'unque me deras martirio
Por vir de ti, queridiña,
Com'un año recibírao.

Nada me distrai, Rosiña,
D'a pena que por ti sinto;
De día como de noite,
Este meu corazonciño
Contigo decote fala,
Porque eu falar ben o sinto,
Un falar tan amoroso
Que me estremeço d'oil-o.
¡Ail, que extrañeza me causa
E soidás e martirio,
Pois así cal el che fala
Quixera falar contigo,
Cal outros tempos dichosos
D'os nosos amores finos.


¡Cántas veces nos xuramos,
Cando lavabas n-o río
O pé d'un alto salgueiro
Antre risas e sôspiros,
«Xa nunca máis separarnos,
Xa nunca máis desunirnos!»
Mais aqueles xuramentos,
Tal como rosas de espiño,
Lixeiriños se espallaron
A un sopro d'os ventos fríos.
Hora c'o mar de por medio,
¡Adiós, amantes cariños!
Nin ti me ves, nin te vexo
Aló n-a beira d'o río,
N-aquelas crariñas noites

De folga pol-os domingos.
As amoríñas maduran
N-as silveiras d'os camiños;
Nascen as froriñas brancas
Por antr^{as} canas d'o millo;
O río pasa que pasa,
Cantan n-as ponlas os xílgaros:
Todo está verd^e frondoso,
Todo está fresco e frorido;
Sólo nós, Rosa, faltamos
N-aqueles verdes campiños.

Rosiña, dáme un consolo
Para este dolor que eu sinto.
¡Ai, qu'os recordos me matan!
¡Ai, qu'acabarán comigo!
Dí s'inda me queres moito,
Mándam'o á decir pretiño;
Díme si gardá'-l-o pano
Que che din por San Benito,
Qu'o merquei n-a quinta feira
Por doce cartos e pico;
Díme tamén si deprendes
Pol-a cartilla de *Cristus*
A ler como m'ofreceches
Para ler os meus escritos;
Que en sabendo algunhas letras
Dempois irás traducindo.
Eu xa lle perdín o medo
A escribiduras e libros,

Pois fago uns palotes netos
De que eu mesmo m'adimiro,
Tan grandes como fungueiros
E máis gordos, si non minto.

Adiós: expresiós che mando
Pol-o burro de Camilo,
Que non sei cal che dirá
Estas cousas que lle expriço;
Mais sabe, miña Rosiña,
Rosiña de dóce olido,
Que si ti xa ler souperas
Os palotes que eu escribo,
Escribítrache unha carta
N-as alas d'un paxariño.



XXV

Á ROBERTO ROBERT

TRADACTORE D'A «DISCUSIÓN», Á QUEN LLE GUSTAN
OS CONTOS Y O GALLEGO

I

Aló n-o currunchiño máis hermoso
Qu'a luz d'o sol n-a terra alomeara,
Veiga frorida e prado deleitoso
Qu'ós campiños d'o Edén s'acomparara;
Aló ond'o Sar soberbo e caudaloso
Parece que se dorme ou que se para
(Tan maino corrantr'a robreda escura),
Alí naceu Vidal o sin ventura (1).

(1) Eu ben sei que en rigor estas outavas non son en maneira algunha a glosa d'un *cantar*, e que mellor e con máis propiedade podía chamarse *conto*; pero como pol-o d'ahora non penso facer en gallego nengún libro de contos póñoos aquí, unha vez que n-estes cantares tratei de pintar as costumes d'os nosos probes aldeáns, e sirven estas outavas prá dar a conocer unha d'as máis antigas e máis usadas. Sempre me conmoveu o relato de este conto sencillo, patriarcal, e por eso decidínme á versifical-o contando c'a benevolencia d'os leutores. ¡Son tantos os desdichados á quen n-as nosas aldeas

II

¡Qué reposo! ¡Qué luz!... ¡Qué garruleiro
 Brando cantar d'os váreos paxariños
 Cando ô salir d'o sol pol-o quinteiro
 Douraba fontes, lagos e campiños!
 ¡Qué libre respirar!... ¡Qué placenteiro
 Ir e vir d'os cabirtos xuntadiños!
 ¡Qué frescas, qué polidas, qué galanas
 Iban c'o gando as feitas aldeanas!

III

Nunca o rumor d'o mundo corrompido,
 Nunca d'a louca sociedade as vañdades,
 Nin brillo d'os honores fementido
 Foran trubar tan dôces soledades.
 Ceo azul, sol d'amor, campo frorido,
 Santa paz sin remorso nin saudades,
 Horas que van mainiñas camiñando:
 Tal ali tempo e vida iban pasando.

IV

¡Cómo o ventío d'a mañán pirmeiro
 N-o seyo d'as rosiñas se dormía;

non s'ofrece á *proba d'o porco*, e que soñan c'o día en
 que, como Vidal, poidan decir ós seus avaros veciños:
 ¡*Adiante c'o varal!*...

E cál dempois, toliño e rebuldeiro,
Pol-o espaço inmensísimo subía,
E volvendo á baixar murmuradeiro
Por enriba d'as chouzas rebulía,
N-as aliñas levando o fumo leve
Que en turbias ondas á subir s'atreve!

V

¡E cómo ô mediodía, fasta o río
Brisas, aires, pradiños y arborado
Pousaban calorosos e sin brío
Cal viaxeiro sedento e fatigado;
E cómo d'a serán o alento frío
D'arrulos misteriosos impregnado
Con pasiño lixeiro s'achegaba
Y aire, río e florinas axitaba!

VI

Pasiño á paso, a traballada xente
D'os campos âs chousiñas se volvía,
Mentras n-o lar o pote sarpullente
C'as ricas berzas á cachón fervía.
As fabas y as balocas xuntamente
C'o touciño sabroso n-el se vía,
En compañía amigable e farturenta
Qu'alegra, que convida e que sustenta.

VII

Dempois d'a frugal cea, ô cariñoso
Resplendor d'o luar claro e soave,
Iban gozar o enxido de reposo
C'o abó, qu'a longa historia contar sabe.
O rosario d'a Virxe proveitoso
Logo rezaban con asento grave,
Y alma e corpo tranquilo se dormía
Esperando o folgor d'o novo día.

VIII

Todo era paz y amor y augua serena,
Todo era craro azul n-o firmamento;
Nin houbo alí a soberba que envenena,
Nin vano goce, nin fatal tormento,
Nin louco rebuldar, nin fonda pena,
Nin baixo aborrecido pensamento:
Vidiña tan risoña atormentaba,
Pois dôce e mainamente se folgaba.

IX

Naide n-aquel lugar probe se vira;
Qu'uns ben y outros non mal foran vivindo,
Y un qu'afroxa demáis y outro que estira,
Fóranse acomodando e repartindo.

Ningún d'a negra fame a man sentira
O seu peito fortísimo oprimindo,
N-o máis qu'a desdichada criatura
Que se chamou Vidal, o sin ventura.

X

Orfo ende que nacera, a sorte triste
Déralle por herencia o desconsolo,
Co'a negra soledá qu'ô probe asiste;
Naide n-a terra se topou tan solo,
De canto en polvo terrenal se viste
Inda correndo un polo y outro polo;
Que era probe e dorido antr'os doridos
Y ~~z~~ afrixido antr'os tristes afrixidos.

XI

Tiña por casa un cortelliño escuro,
Tiña por leito o chan humedecido,
Por cubirtor a neve e vento duro
Que entraba pol-as fendas arresido.
Tiña o sustento escaso e mal seguro
Que dan de porta en porta ô que é perdido;
Qu'así lle din con bulra non escasa
Ô que por probe n-este mundo pasa.

XII

En jamás o infeliz decir poidera
«¡Esto que teño é meu!»; qu'á sorte dura
Ni inda, por conceder, lle concedera
Un pouco de querer ou de ternura,
Nin un pouco d'amor; que donde houbera
Pobreza, e soledad e desventura,
Gloria, dicha e querer correndo pasan
Y a entradiña d'a porta non traspasan.

XIII

Sempre, por dicha prá Vidal, había
Caldo e máis pan n-algún lariño alleo,
Y á máis a caridá non se extendía;
Que fora un mal matarlle outro deseo;
Que si á cousas mellores s'afacía
Y outro váreo comer y outro recreo,
Traballo lle custara, á bon seguro,
Comer dempois berciñas e pan duro.

XIV

Tal conta, a xente corda se botaba
Con parsimonia concenzuda e grave,
E refráns sabios con afán buscaba
D'os que din «Nunca dés d'o que ben sabe».

Y o compango Vidal nunca probaba,
Porque era a sobriedá santa e saudabe,
Según a xente de poder decía:
Anque ela ben folgaba e ben comía.

XV

Cando d'os porcos a matanza viña,
¡Qu' amabre chamuscar n-as limpas eiras
Ó despertar d'a fresca mañanciña!...
¡Qu' alegre fume entr' olmos e figueiras
Olendo a cocho, pol-os aires viña!
¡Qu' arremangar d'as nenas mondongueiras!
¡Qu' ir e vir dend'o banco hastra a cociña!
Y aló n-o lar, ¡qué fogol, ¡qué larada!
¡Qué rica é qué ben feita frixolada!

XVI

Figado, con cebola ben, frixida
Y unha follina de laurel cheirosa,
Qu'inda a un morto ben morto dera vida
De tan rica, tan tenra e tan sabrosa.
Raxo en sorsa, c'un cheiro que convida,
Y a sangre d'as morcillas substanciosa
En fregada caldeira rebotando,
Á que fagan morcillas convidando.

XVII

Cuadro tan agradabre e farturento
Por toda a vecindá se repetía
Con garular, e risa, e gran contento,
Que suceso tan grande o requería.
Mais por que lle sirvise de tormento,
Sólo n-a chouza de Vidal no había
Nin porco, nin mondongo, nin fartura;
Que era todo nubrado e desventura.

XVIII

N-as frías pedras d'o seu lar sentado
Tan váreo movemento contemplaba
De negra soledade acompañado:
Naide á festa d'o porco o convidaba,
Que era probe Vidal y era olvidado,
Y a presenza d'un probe alí estorbaba;
Por eso entre suspiros repetía:
«¡Ai, quén fora riquiño un soyo dial!»

XIX

Tales eran decote os seus deseos,
Mais nunca, ¡triste sortel, se cumprían;
E todos, todos de miseria cheos,
Anos tras anos sin cesar corrían.

Xa era vello Vidal, y os duros ceos
De tan negro sufrir non se doían;
Qu'inda o porco Vidal nunca probara
Nin naide á tal festiña o convidara.

XX

Tal como era costume, a rica proba
Veciños con veciños se trocaban,
(Inda hoxe esta costume se renova);
Mais a Vidal veciño non chamaban;
Que fora indina mesturanza boba
Ir á dar donde dáiva non topaban;
E por eso Vidal, probe coitado,
Nunca catou morcilla o desdichado.

XXI

Mas, ¡ai, pícaro mundo!, ¡mundo alevel!
¿Quén de teus pasos e revoltas fia?
¿Quén afirmar empávedo s'atreve
Que non se pode a noite tornar día?
¿Quén en tempo tan rápido e tan breve
Os conocidos de Vidal diría
Qu'aquela triste homilde criatura
Iba nadar en ondas de ventura?

XXII

¡Y así pasou!... Qu'aquele que todo mira
Aló d'a inmensa e transparente esfera
Donde c'os astros sentellantes xira,
Misericordia de Vidal tivera;
O torpe olvido d'os podentes vira
Y a pena de Vidal compadecera,
E c'o seu brazo misterioso e forte
Trocou d'un sopro a temeraria sorte.

XXIII

Tal pol-as portas de Vidal entrara,
Como en campo sedento farto río,
Aló de Cáis, harencia que envidiara
O máis encopetado señorío.
Ucha d'ouro os seus ollos relumbrara
Dándoille desvareo, e risa, e frío,
Sendo tamaña a dicha que sentía,
Qu'o corazón con ela non podía,

XXIV

Depois chorou, sorreu, bicou a terra
Inda pol-a sua pranta humedecida,
E canta dicha a humanidade encerra
Verteuse d'o seu peito escandecida:

Logo volvendo en si, casi s'aterra
De ver ventura tan sin par cumprida,
E postrado ante Dios fervente ora
Y o seu misterio portentoso adora.

XXV

Cumprido este deber, Vidal, reposto
De sorpresa tan grave e prasenteira,
Pónse limpo, amañado e ben composto,
Co'a graciña de Dios por compañeira.
Cál, s'adimira d'ô mirar tan posto,
Cál, lle di qu'ê galán por derradeira,
Y anque calvo quedou, como San Pedro,
Dínlle que ten risado pelo negro.

XXVI

Chámalle, aquél, «amigo», ¡cousa raral,
Qu'antes «¡Vidal!» con sorna lle desía,
Y outro lle volve pracenteiro a cara
Que nantronte o caris lle retorsía.
Tal miniña de vel-o se trubara,
Tal outra xunta de el se revolvía,
E seica non faltou quen lle dixera
Que feito com'un santo se vólvera.

XXVII

Que é triste o rostro d'a mortal probeza
Que entre ximidos e dolores nasce,
Y hastra a hermosura ven cando riqueza
C'o seu mirar risoño nos comprace;
Presta o diñeiro encanto e gentileza,
Y un Dios, o mesmo demo, se tornase,
Si tomando a figura de banqueiro
Remexése diñeiro e máis diñeiro.

XXVIII

Estos misterios son... eu me confundo
Y en vano os expricar me propuñera;
Pero Vidal, filósofo profundo,
Qu'unque xamáis n-os libros deprendera
A costa propia deprende n-o mundo,
Non de mudansa tal se sorprendera;
Qu'aló n-o seu calet'r'a adiviñara
Cando en ser rico con afán soñara.

XXIX

Por eso recibeu con cortesia
Recrebos, agasaxo e cumprimento,
Qu'un tras outro homildoso lle facía,
Escoria vil d'o humano sentimento,

El a baixesa de eles comprendía,
Y anque vano nin torpe pensamento
Contra xentíñas tales meditaba,
Forte e seria lisión darlles pensaba.

XXX

Unha mañán á un santo e bon suxeto
Un quiño lle mercou, ¡soberbio quiño!,
Tan niveo, tan plantado e tan repleto
Cal nunca o vira tal ningún veciño.
Era curto de perna, o lombo neto,
D'o rabo hastra a cabeza redondiño,
Y o coiro tan graxento relosía
Que mesmo de manteiga paresía.

XXXI

«¡Alabado sea Dios!; ¡Dios ch'o bendiga!
San Antonio ch'o garde!»; así excramaban,
Mentras qu'o cocho á paso de formiga
Y o seu dono Vidal serios pasaban.
A falarlle á Vidal cada un s'obriga;
Qu'o porco xa mortíño contemplaban
E n'era de perder tan bon bocado
Pol-as mans de Vidal morto e salgado.

XXXII

Logo, o berrido d'o infeliz pasente
Que sofre c'o coitelo morte dura
Fender os aires n-o lugar se sente;
Pouco á pouco a gorxina queda muda,
O suspiro postrer soa estredente,
A sangre corre, o matachín xa suda,
E n-aquel grave e quírtico momento
É o porco vida e mundo e pensamento.

XXXIII

O difunto alí está repantrigado,
C'unha cebola n-antraberta boca
(Qu'inda parés qu'a come o desdichado);
Pero non-o chorés, qu'á el sólo toca
Dormir sono tan triste descuidado,
Pois as iras d'o inferno non provoca,
Nin gloria ten nin porgatorio ardente;
El dormirá insensibre eternamente.

XXXIV

Non cabe en si Vidal de tan contento,
O cheiriño d'o porco lle enlouquece;
Qu'antros porcos nacidos é un portento
Aquél qu'ante seus ollos aparece.

Certa satisfacción, certo contento
N-o rostro d'os presentes resplandece,
Que mesmo quer decir en linguax mudo:
<¡Este sí que che é un porco repoludo!>

XXXV

Mais c'o cocho Vidal soyo se encerra,
Mentras qu'a xente aturrullada mira...
Cál se pasma, cál bufa, cál s'aterra,
Que nunca tal n-aquel lugar se vira;
Cál outro lle xurando eterna guerra,
D'as voltas que da o mundo s'adimira,
Pois que nunca en xamáis nengún veciño
Lle batera c'a porta n-o fociño.

XXXVI

Era aquél un rifar desesperado,
Pero Vidal o xordo se facía;
A noite enteira se pasou cerrado;
Y ô arbor primeiro d'o seguinte día,
C'un varal de morcillas ben cargado
Que a pouco de cargado se rompía,
Apareceu lavado e reverendo
A todos c'o seu porte sorprendendo.

XXXVII

El, direitiño ô seu facer marchaba
 Con paso despacioso camiñando,
 Y un sorrir n-os seus labios s'atopaba
 Qu'antroido iba dicindo ou contrabando.
 Dempois, con voz qu'âs xentes atroaba,
 Foise de porta en porta preguntando:
 —¿Déronlle aquí morcillas á Vidal?
 —¡¡Aquí non!!—*¡Pois adiante c'o varal!*

XXXVIII

Así as chouzas correu unha por unha
 Y o varal inteiriño inda se vía;
 Con triste *sí* non respondeu ningunha
 De cantas en redondo requería.
 Ríndose en tanto a falsa de fortuna
 Con sonsa voz de bulra repetía:
 —¿Déronlle aquí morcillas á Vidal?
 —¡¡Aquí non!!—*¡Pois adiante c'o varal!*


.....

.....

XXXIX

Vidal morreu, y o tempo foi pasando,
 Braso qu'os duros mármores arrasa

Antre helados escombros enterrando
D'o bon Vidal a solitaria casa;
Mais sempre esta historiña foi quedando;
Inda hoxe mesmo por proverbio pasa;
E cando o nome de Vidal s'invoca,
Muda sole quedar máis d'unha boca.




XXVI

—Meniña, ti a máis hermosa
Qu'a luz d'o sol alumbrara;
Ti a estrela d'a mañanciña
Que en puras tintas se baña;
Ti a frol d'as froridas cumbres,
Ti a ninfa d'as frescas auguas,
Ti como folla d'o lirio
Branca, pura e contristada.
¿Quén eres, fada sin nome,
De tan dormentes miradas,
De tan dorida sorrisa,
De feituraña tan cándida?
¿Quisáis de muller naceches
Sendo tan limpa e tan casta?
Quisáis d'as brisas d'a tarde,
Quisáis d'as brétemas vagas...;
D'as burbulliñas d'un río,
Quisáis d'unha nube branca?
¿Ou as espumas d'o mare
A un rayo de sol xuntadas
Pousáronte ô ser d'aurora

N-unha cunchiña de nacra?
Mais d'onde queira que seas,
Tristísima pasionaria,
Por ti sinto un amor puro
Que pouco á pouco me mata;
Por ti de noite e de día
Cal vaga sombra encantada,
Preto d'o teu vivir ximo,
Ximo c'os ventos que pasan
Facendo vibrar sonoras
Sentidas cordas d'un arpa,
Que con ecos tembradores
D'os meus amores che falan.
Mais dime: ¿por qué estás muda?
Dí por qué estás solitaria,
Dí por qué vives n-os montes
C'os paxariños que cantan,
Mentras ti choras e choras
O pé d'un olmo sentada,
Toda de loito cuberta,
Toda cuberta de lágrimas.

—Déixame vivir n-os montes,
Déixame estar solitaria,
Déixame c'os paxariños
Que en derredor de min cantan;
Déixame vestir de loito,
Cuberta por tristes bágoas,
Y eco d'homes non escoite
Nin són d'harmoniosas arpas;

Que eses sóns d'amor â vida
Rompen as miñas entrañas,
Si de eles, galán, por sorte
Dòce consolo arrancarás
Para un dor que non ten cura,
Para un mal que non s'acaba.
¡Si ô seu vibrar sonoro
As tombas se levantarán
Y o polvo que n-elas mora
Volto a vivir s'axitara!...
Mais cala, galán...; non toques
As soaves cordas d'un arpa,
Que nin da vida ôs que morren
Ni as tristes tombas levanta.
Cala, galán, c'os cantares
Que con pasión d'amor cantas;
Qu'os meus amores morreron
Y aló entre tombas m'agardan.
Para min morreu a dicha,
Morreu tamén a esperanza,
Cubreuse o ceo de tristura
Y a terra d'ásperas prantas.
Déixame vivir n-os montes,
Déixame estar solitaria,
Déixame vestir de loito,
Cuberta d'amargas lágrimas.
*Qu'a rula que viudou
Xurou de non ser casada,
Nin pousar en ramo verde
Nin beber d'augua crara.*



XXVII

I

¿Qué ten o mozo?

¡Ai!, ¿qué terá?

Ponm'agora unha cara d'inverno,
Despois n-a fiada ¡sorrisas de tal!...
Quer que baile con el n-o muiño,
Y aló pol-a vila, nin fala quisáís...

¿Qué ten o mozo?

Pois... ¿qué terá?

Unhas veces, canciño de ceño,
Por onde eu andare seguíndome vai:
Non hai sitio donde eu non atope,
Un Bras con cirolas y os zocos n-a man.

¡Ai, qué mocíño!...

¡Ai, qué rapaz!...

N-outro instante, ¡mirá qué fachenda!...
Atruxos qu'asombran ô mesmo lugar.

¡¡¡Brrr!!!, parece que pasa soberbo,
Mandando n-os homes su real maxestá.
Mociño, ¿es tolo?
¡Ail, ¿s'o serás?

Eu non podo entender, meu amore,
Qué airiños te levan, qué airiños te trân,
Nin tampouco cál xeito te cadra,
Tratándose, mozo, d'o teu namorar.
¡Ail ¡Dios me libre
De ti, bon Bras!

Que n-o meu entender t'acomparo
Ô mesiño de marzo marzal:
Pol-a mañán, cariña de rosas;
Pol-a tarde, cara de can.
¡Mala xuntanza
Facemos! ¡¡Ail!

II


¿Qué di a meiguiña,
Qué di a traidora?
Corazón, que enloitado te crubés,
C'os negros desprezos qu'a falsa che dona,
¿Por qué vivés sufrindo por ela?
¿Por qué, namorado, de pena saloucas?
Se ela é bonita,
Ela é traidora.

Di con mengua de min que non sabe,
Qu'airiños me viran veleta mal posta...
Que ch'o digan, rapaza, os teus ollos,
Qu'agora me chaman, dempois me desbotan
 Qu'unque es bonita,
 Eres traidora.

Si unhas veces amante che falo,
E s'outras renego de ti..., ipecadora!
¿Cales auguas repousan serenas,
S'o vento qu'as manda rebole antr'as ondas?
 E ti ben sabes
 Qu'es revoltosa.

Son canciño de cego en quererte...
Tal bulra merece quen ama sin conta,
Pois c'os zocos n-a man ou sin eles,
As portas d'o inferno seguíndote fora.
 Tal estou tolo,
 Tal es graçiosa.

¡Que de marzo marzal teño a cara!...
Quisáis qu'así sea; mais ti, miña xoya,
Tamén es cal rayola de marzo,
Qu'agora descrube, qu'agora se entolda.
 Iguales semos,
 Nena fermosa.



XXVIII

*Castellanos de Castilla:
Tratade ben ós gallegos;
Cando van, van como rosas;
Cando vên, vên como negros.*

—Cando foi iba sorrindo,
Cando veu, viña morrendo
A luciña d'os meus ollos,
O amantiño d'o meu peito.

Aquél máis que neve branco,
Aquél de dozuras cheo,
Aquél por quen eu vivía
E sin quen vivir non quero.

Foi a Castilla por pan,
E saramagos lle deron;
Déronlle fel por bebida,
Peniñas por alimento.

Déronlle, en fin, canto amargo
Ten a vida n-o seu seo...
¡Castellanos, castellanos!,
Tendes corazón de ferro.

¡Ail, n-o meu corazonciño
Xa non pode haber contento,
Que está de dolor ferido,
Que está de loito cuberto.

Morreu aquél que eu quería
E para min n'hai consuelo:
Sólo hai para min, Castilla,
A mala lei que che teño.

Premita Dios, castellanos,
Castellanos qu'aborreço,
Que antes os gallegos morran
Que ir á pedirvos sustento.

Pois tan mal corazón tendes,
Secos fillos d'o deserto,
Que si amargo pan vos ganan,
Dádesllo envolto en veneno.

Aló van, mal pocadiños,
Todos de esperanzas cheos,
E volven, ¡ail, sin ventura,
Con un caudal de despreços.

Van probes e tornan probes;
Van sans e tornan enfermos;
Qu'unque eles van como rosas,
Tratádefos como negros.

tratádel-os

¡Castellanos de Castilla,
Tendes corazón d'aceiro,
